



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)



IES SANXILAO

ANÁLISE DO CONTEXTO.

1. INTRODUCCIÓN.

O IES Sanxillao é un dos nove institutos que ten o municipio de Lugo, está situado na Ronda das Fontiñas, á altura do número 171, limitado polo Leste por un futuro parque ata agora denominado “parque dos paxariños” e o río Rato ó Norte e Oeste pola cidade e ó Sur polo Campus universitario e o río Miño.

Ninguén dubida hoxe en día de que *Lucus Augusti*, Lugo, foi fundación augústea e, como outras cidades do Noroeste Hispano, elixida polo Príncipe para epicentro político-administrativo daquela parte extrema do territorio recién conquistado. A elección do solar lucense para campamento aconsellaríana, tanto o seu privilexiado emprazamento, nunha suave planicie delimitada polo cursos fluviais do Miño e do Rato, que xogarían un non desdeñable papel defensivo, como a súa estratéxica situación, no cruce dun tupido sistema de comunicacións naturais polos que acceder, tanto á franxa costeira como ás comarcas do interior. Da área estrita ocupada polo posible campamento apenas se conservan indicios, pero é de supoñer que coincidise, a grandes rasgos, coa da cidade altoimperial, que se supón sucesora daquel. En todo caso, unha e outra debuxarían un gran rectángulo de entre 35 e 40 hectáreas orientado de Norte a Sur, que, iniciado levemente na vertente que drena as augas de choiva cara ó Rato, asenta case a totalidade da súa superficie na suave ladeira que baixa cara ó leito do Miño, por outra parte ben exposta ó sol de Poñente.

Na actualidade, Lugo é a capital da Provincia cunha extensión aproximada de 332 km² e unha poboación de 93.262 habitantes segundo o último censo de 18 de maio de 2005 e unha densidade de 263,8 hab/km² sendo das máis débiles de Galicia. Esta poboación concéntrase maioritariamente na capital, no resto do territorio mantense a tónica xeral da Galicia interior septentrional: gran dispersión do hábitat nas súas case 300 entidades de poboación, constituídas por pequenas aldeas onde o sector agrario ten protagonismo. En xeral, a evolución demográfica de Lugo pasou dos 26.959 habitantes de 1900, 31.137 en 1930, 42.805 en 1940, 58.264 en 1960, 73.986 en 1981 e 93.262 en 2005.



A Provincia de Lugo está situada na parte Noroccidental da Península Ibérica estando situada a capitalidade no centro da provincia que vén limitando ó Norte polos municipios de Outeiro de Rei e Castro de Rei ó Sur por Guntín e Friol, ó Leste por O Corgo e Castroverde e ó Oeste polos de Friol e Guntín. A topografía da maior parte do municipio de Lugo resólvese nunha superficie relativamente plana, entre os 450 e os 600 metros, destacando nela os relevos do suroeste (Monte de Meda, 783 m.) e os do nordeste (Monte Abio, 725 m.).

En canto á súa economía, a provincia de Lugo descansa sobre o sector terciario, onde se concentra o 70% da poboación activa. Entre eles, o sector servizos co 29% de ocupación e o sector comercial e hostaleiro cun 40% son os principais sectores ocupacionais. A isto debemos engadir que, nos últimos tempos, o Campus Universitario supuxo un importante estímulo cultural e económico para toda a provincia e, en especial, para a capital. Este perfil ocupacional que acabamos de describir responde á especialización funcional de Lugo, onde se aúna o carácter de capital provincial e centro de mercado co dunha cidade en expansión, na que a construción de infraestruturas de transporte e comunicacións e de solo empresarial e a asunción de funcións como a universitaria, están cambiando a imaxe tradicional dunha comarca eminentemente agraria. O sector secundario encóntrase aínda moi disperso, malia a creación, nos últimos anos, de polígonos industriais en áreas cercanas á urbe: Ceao e Rábade. Na comarca lucense existe toda clase de industrias, entre as que destacan as de construción, transformación, forestais e as minerais. Polo que se refiere ó sector agrario, na provincia de Lugo subsisten e perviven restos da agricultura tradicional en convivencia cunha agricultura máis moderna, aínda que a característica fundamental do agro lucense sexa a atomización e a dispersión. A superficie agraria do municipio é de 23.000 hectáreas das cales a maior parte dedícase ó monte, en segundo lugar encontrámonos co labradío (cereais, patacas, produtos hortícolas, forraxes) e, en último lugar, encontrámonos con

prados e pastizais. A chegada do ferrocarril (século XIX) supuxo para a comarca un notable desenvolvemento económico, de tal modo que se iniciou a comercialización dos produtos cárnicos cara ás grandes urbes nacionais, como Madrid ou Barcelona. Este despegue mantívose ata datas recentes pois hoxe en día, a industria alimenticia sofre un estancamento debido ós cambios coxunturais a nivel nacional. Malia todo, a produción cárnica e láctea segue a ser un importante pilar dentro da economía provincial, aínda que no seo da reconversión e da especialización, para conseguir unha mellora dos rendementos por unidade de produción. Son industrias básicas da provincia as cárnicas, as lácteas, mecánicas e de transformación.

Para o visitante, que se achega ás terras de Lugo, son múltiples as ofertas que se lle brindan á hora de ocupar o seu tempo de ocio. As propias características, funcionais e históricas, da cidade proxéctanse no tecido urbano recollendo as transformacións da historia. Así, o centro da propia cidade, delimitado pola muralla, posúe a pegada imborrable dos romanos. Crese que a Rúa Nova e a rúa de San Pedro puideron ser o cardus e o decumanus do primitivo asentamento. De ser así a praza do Campo sería o cruce de ambas vías e, en consecuencia, o centro onde se localizaría o foro. Non obstante, o paso do tempo e a súa alternancia de etapas de auxe e estancamento marcou a pauta no ritmo das construcións, conferíndolle ó Lugo romano unha posterior organización medieval. Parte desas edificacións tiveron un papel importante nas modificacións posteriores do entramado urbano. Pero, á parte da visita ó conxunto histórico existen múltiples posibilidades para vivir e observar de preto a historia e as paraxes naturais.

Entre os numerosos encantos que posúe a cidade de Lugo, e que a caracteriza notoriamente, non podemos deixar de mencionar os praceres gastronómicos. ¡Cantas veces temos oído dicir: “E para comer...Lugo”!; así, ó lado do tradicional lacón con grelos destaca o polbo “á feira” que se pode degustar sobre todo no San Froilán e o afamado caldo galego. Ademais, é posible degustar exquisitas especies fluviais, carnes e verduras, preparadas de múltiples formas. Pero, se innumerables son as propostas gastronómicas, numerosas son tamén as festas e romarías que durante todo o ano se celebran na provincia, servindo de reclamo para un elevado número de visitantes.

No que á climatoloxía atinxe, a zona pódese cualificar de húmida e fría. Utilizando datos recentes da próxima estación de Pedrafita temos valores de temperatura media anual de 8°C cunha amplitude térmica de 15°C. A temperatura media mensual mínima é de 7°C no mes de xaneiro, e de máxima 15°C no mes de agosto.

O carácter da precipitación anual é de tipo hiperhúmido (valores de precipitación anual superiores a 1400mm.) rexistrándose na estación de Pedrafita 2043mm. A a primavera e o outono son as estacións máis húmidas.

E en medio destas características e moitas máis que quedaron fóra por non prolongármonos nesta exposición, érguese no marco desta cidade milenaria o noso instituto cuxas características (profesores, alumnos,..) imos analizar.

1.1– CARACTERÍSTICAS DA RESIDENCIA DO ALUMNADO

Barrios da residencia familiar Características da vivenda familiar

Piso propio: 56,2 %
 Calefacción : 11 %
 Teléfono: 11%
 Televisión: 12,3
 Vídeo: 11 %
 Equipo de música: 11,3 %
 Vídeo-consoas: 11%
 Convivencia familiar: 86,5 %
 Só con pais e irmáns: 82,6%
 Con pais, irmáns, avós, tíos, etc.: 15,8%

Distancia do domicilio familiar ó Instituto Residencia durante o curso escolar

Domicilio familiar: 86 %
 Domicilio dun familiar: 1,8 %
 Pensión: 0%
 Piso compartido: 0 %
 Outros: 0%

Medio de transporte utilizado para desprazarse ó Instituto

Ningún: 42,6 %
 Coche dun familiar: 11,7 %
 Coche ou moto propios: 8,8 %
 Transporte escolar: 20 %
 Transporte escolar pagado polo alumno: 0 %
 Outros: 16,4 %

Tempo investido a diario para facer o traxecto residencia-instituto

Menos de 15 minutos: 49 %
 De 15 a 30 minutos: 37 %
 De 30 minutos a 1 hora: 14 %


Hora á que se levantan a diario:

Antes das 7:00 h.: 6 %
 De 7:00 a 7: 30 h.: 21,2 %
 De 7:30 a 8:00 h.: 38,4 %
 De 8:00 a 8:30 h.: 34,2 %


Lugar do xantar durante o curso escolar:

Domicilio familiar : 91,9 %
 Domicilio dun familiar: 2,7 %
 Bar: 2 %
 Instituto: 1,7 %
 Bocado: 1,7 %


Estudos Pais




Idades dos pais




Linguas que fala normalmente




Domicilio durante o curso escolar




Hábitos de Estudio




Medio de transporte utilizado



Medios de Información Utilizados





1.2.- CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

Feita unha enquisa entre o profesorado do centro dá os seguintes resultados:

- A idade do profesorado está comprendida entre:

25 – 30 anos..... 4%
 30 – 35 anos..... 2,4%
 35 – 40 anos..... 17%
 40 – 45 anos..... 21,9%
 45 - 50 anos..... 17,9%
 50 – 55 anos..... 21,9%
 55 - 60 anos..... 11,6%
 Máis de 60 anos 2,4%

- Sexo:

Homes.... 34%
 Mulleres.. 66%

- Residencia habitual durante o curso está en:

Lugo capital..... 73,17%
 Lugo provincia..... 14,6 %

- A Coruña.....0,11%
- Outros.....12,2 %
- Tipo de destino no centro:
 - Definitivo..... 78,04 %
 - Provisional..... 48 %
 - Interino..... 12,36 %
 - Outros..... 4,8 %
 - Antigüidade no centro:
 - De 1 a 5 anos.....34,14 %
 - De 5 a 10 anos.....14,4 %
 - Máis de 10 anos.....51,2 %
 - Medios empregados habitualmente na aula:
 - Encerado..... 50 %
 - Ordenador..... 10,25 %
 - Diapositivas..... 5,2 %
 - Proxector de transparencias..... 15,3 %
 - Canón de video..... 5,2 %
 - Outros.....13,2 %
 - Para preparación das clases empregáse:
 - Soporte informático.....43,3 %
 - Soporte paoel..... 56,7 %
 - Lingua predominante nas clases:
 - Lingua castelá.....44,4 %
 - Lingua galega..... 46,6 %
 - Outras..... 9 %
 - Os textos empregados para as clases están escritos en:
 - Lingua castelá..... 52,08 %
 - Lingua galega 45,8 %
- Outras linguas..... 2,12 %
- En xeral, o nivel medio dos alumnos que chegan en 1º da ESO paréceche:
 - Bo..... 18,4 %
 - Baixo..... 69,23 %

Moi baixo..... 11,6 %

- En xeral, o nivel medio dos alumnos doutros cursos pareceche:

Bo..... 18,4 %

Baixo..... 76,3 %

Moi baixo..... 5,39 %

- O nivel que acadan os alumnos no noso centro despois de terminar a ESO é:

Malo ou deficiente..... 23,3 %

Aceptable..... 63,3 %

Bo..... 10 %

Moi bo..... 3,4 %

- Os medios e materiais de que dispón o centro, parécenche:

Bos..... 55 %

Aceptables..... 40 %

Malos..... 5 %

1.3 – O CENTRO

1.3. 1. – ANTECEDENTES

Segundo o Decreto 138 / 92 de 5 de xuño, DOGA de 15 / 06 / 92 da Consellería de Educación créase o Instituto de Educación Secundaria e Profesional de Lugo, que empeza a funcionar dende o curso 1992-93. Entre esa data e hoxe, o tipo de ensinanzas que se impartiron no Instituto fóronse modificando debido ós sucesivos cambios que levaron á extinción duns plans de estudo e a incorporación doutros. Así, nos cursos 1992-93 e 1993-94 simultaneáronse os estudos de BUP (2º e 3º cursos), os de COU e os do ESO (segundo ciclo). En 1994-95, unha vez extinguido o antigo BUP no centro, impártese o último curso de COU e o primeiro do novo Bacharelato LOXSE, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Tecnoloxía. Nos cursos seguintes implátanse progresivamente o primeiro ciclo de Secundaria, o segundo curso de Bacharelato e os Ciclos Formativos de grao medio de Cociña e Restaurante e Bar ata chegar ó ano académico 2000-01 no que se producen as últimas e definitivas modificacións: déixase de impartir o Bacharelato Tecnolóxico, introducíndose a modalidade de Artes e comeza o Ciclo Formativo de grao superior de Restauración.

1.3. 2 – NOME

Como sinalamos no punto anterior, o centro inaugúrase co nome de “Instituto de Educación Secundaria e Profesional de Lugo”. Máis adiante, coa orde de 30 de marzo de 1993, DOGA 20 / 04 / 93, a Consellería dispón concederlle a denominación de “IES Sanxillao”.

Debe o seu nome o noso Instituto a San Xulián, mártir do século III, cuxa devoción ten o seu apoxeo na época tardovisigoda (século VII) e protoasturiana (séculos VIII-IX).

O Carril de Sanxillao é unha das corredoiras que, extramuros da cidade, se desviaban do Camiño Real (San Roque) cara ás ladeiras do Rato. É fácil supoñer nalgúns casos o porqué dos seus nomes: Carril das Flores, Carril das Hortas. Pero non o é tanto noutros, como ocorre co do Xuízo ou o dos Indios. Iso si, todos eles aparecen reflectidos na documentación secular da cidade e cartografados desde 1845.

Pois ben, o carril de Sanxillao é o que unía o citado Camiño Real co casal de San Xullao, San Xulián, Sauxilao etc., que agora dicimos de Sanxillao. Trátase dun lugar de antiga habitación, posto que, con toda seguridade, baixo os actuais edificios e hortas do entorno encóntrase unha vila romana. Nas recentes excavacións realizadas- moi preto do noso Instituto - apareceron restos que denotan a construción romana, aínda que a vila en si non apareceu polo momento. Estas “villae” eran casas patricias de época romana, construíronse ó redor das vías de saída das cidades, ás que servían para o seu abastecemento e defensa.

Primeiro á expansión do cristianismo, e logo á chegada dos pobos xermánicos, é ó que debe vencellarse a aparición das ruínas dunha igrexa co seu cemiterio no contexto arqueolóxico da devandita vila, superpoñéndose ou xustapoñéndose a ela. ¿É este o templo dos feligreses (filii ecclesiae) do casal que aparecería sobre la vila?

A fundación do mosteiro de Samos no século VIII polo rei Fruela I de Asturias, aínda antes de que Odoario repoboase a cidade de Lugo, fixo que os dominios monásticos se estendesen case inmediatamente ata as portas do que foi Lucus, grazas ás doazóns, entre outros, do rei asturiano Alfonso II. E Samos foi desde as súas orixes mosteiro baixo a advocación de San Xulián, polo que os seus cotos e igrexas é frecuente encontralos baixo a protección deste mártir da cristiandade (ou da súa dona, Santa Basilisa). Non resulta desencamiñado, pois, afirmar que os terreos circunveciños de noso Centro –o casal de Sanxillao- pertencían ó cenobio samonense ata 1195, ano no que

Introdución

as propiedades da mitra de Samos pasan a ser do cabildo catedralicio lucense. ¿Foi a antiga propiedade abacial o que bautizou á vella igrexa co nome de San Xulián?

De todo aquilo chegou a nós un nome do lugar, un topónimo que é, por un lado, fonte para a Historia e, por outro, sinal de identidade ó Instituto de Ensinanza Secundaria *Sanxillao* no que desenvolvemos o noso labor docente.

Instituto de Educación Secundaria Sanxillao
Ronda das Fontiñas 171
27002 Lugo

1.3. 3. – SITUACIÓN XURÍDICA

O Instituto de Educación Secundaria Sanxillao é un centro de ensino público, dependente da Consellería de Educación e Orientación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3. 4. – CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

Solar: 9.464 m²

Superficie Edificada: 6.606 m².

O Centro está construído en dúas edificacións de tres plantas cada unha, unidas por escaleiras. Aínda que estas dúas edificacións son independentes entre si, pódese acceder dunha a outra por un corredor interior.

O primeiro edificio, que ten 5.440 m², está ocupado polo alumnado de Secundaria e Bacharelato; os alumnos de Ciclos Formativos só reciben nel as clases teóricas. O segundo edificio corresponde ás dependencias de Hostalería, ten unha superficie de 1.166 m². e está destinado ás actividades prácticas do alumnado dos Ciclos Formativos.

Pista de deportes:

- O resto da superficie do solar está ocupada por espazos libres, de piso de formigón e zona de xardín.

2 – ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO**2.1 – ESTUDOS OFERTADOS**

Ofértanse os seguintes:

- Educación Secundaria Obrigatoria (1º e 2º ciclos)
- Bacharelato (Ciencias da Natureza e da Saúde, Humanidades e Ciencias Sociais e Artístico)
- Ciclos Formativos de Grao Medio: Técnico en Servizos de Restaurante Bar, Técnico en Cociña
- Ciclos Formativo de Grao Superior: Técnico superior en Restauración
- PDC de dous cursos

2.2 – MATERIAS OPTATIVAS**2.2.1 – EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

1º Ciclo	2º Ciclo
2ª Lingua Estranxeira (Francés) Obradoiro de Matemáticas Obradoiro de comunicación Oral	2º Lingua Extranxeira (Francés) Cultura Clásica Técnicas de Expresión Escrita Iniciación á Tecnoloxía Informática Iniciación ós Procesos da Hostalaría

No primeiro ciclo cúrsase unha materia optativa, dentro do segundo ciclo escóllese unha no terceiro curso e en cuarto dúas, que serán distintas ás cursadas en 3º, agás no caso da 2ª Lingua Estranxeira e a Cultura Clásica.

PDC	
3º	Iniciación ós Procesos da Hostalaría
4º	Iniciación á Tecnoloxía Informática Cultura Clásica

2.2.2 – BACHARELATO

1º Curso	2º Curso
Literatura Universal Contemporánea	Literatura Galega Século XX
2ª Lingua estranxeira (Francés)	Literaturas Hispánicas
Música I	Grego II
Ética e Filosofía do Dereito	Historia da Música
Latín	2ª Lingua Extranxeira II (Francés)
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	Historia da Arte
Economía	Historia e Xeografía de Galicia
Debuxo Artístico	Introdución ás Ciencias Políticas e Sociais
Debuxo Técnico	Métodos Estatísticos e Numéricos
Bioloxía e Xeoloxía	Música II
Xeometría da Arte	Matemáticas II
Taller Artístico I	Química
Matemáticas I	Bioloxía
Física e Química	Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía
	Física
	Xeoloxía
	Taller Artístico II
	Volume II
	Imaxe
	Fundamentos de Deseño
	Técnicas de Expresión Gráfico –Plástica
	Debuxo Técnico II

Os alumnos deberán cursar unha materia optativa en cada curso.

2.3.- PROGRAMA BASE DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR. GABINETE DE ORIENTACIÓN

2.3.1.- INTRODUCCIÓN: XUSTIFICACIÓN.

O programa de diversificación curricular é unha medida extraordinaria de atención á diversidade, que se pon en marcha cando as outras medidas non surtiron o efecto desexado. O Proxecto Curricular de Etapa e as programacións de área especifican o resto destas medidas, en particular as que se refiren ós apoios e ás adaptacións curriculares.

A Diversificación Curricular consiste en adaptar globalmente o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria ás necesidades individuais de determinados alumnos, para que, cunha organización distinta da establecida con carácter xeral, poidan desenvolver as capacidades recollidas nos obxectivos xerais da etapa e alcanzar un grao de coñecemento dos contidos esenciais do conxunto das áreas que lles permita conseguir o título de Graduado en Educación Secundaria.

Non é a única nin a medida máis importante de atención á diversidade e, en consecuencia, non pode dar resposta a todos os problemas do centro. Neste senso, debe necesariamente completarse co resto de propostas recollidas no apartado de *Atención á diversidade*.

A incorporación dos alumnos ó Programa de Diversificación deberá realizarse con criterios estritos respecto da lexislación vixente e dos principios recollidos neste Programa para impedir que poida ser utilizado para evitar a aplicación das outras medidas de atención á diversidade e que poida converterse nunha vía paralela á ordinaria para a obtención do título.

A referencia do programa de diversificación será sempre a consecución dos obxectivos xerais da Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria por parte de certos alumnos que manifestan dificultades específicas debidas á súa idade, ós seus intereses e motivacións, ó seu baixo rendemento escolar, ós seus problemas de adaptación ó centro, etc.

Durante o presente curso están escolarizados no Centro un número de alumnos que, a pesar dun historial de fracaso escolar máis ou menos amplo, manteñen unha actitude positiva, un certo grao de interese e un nivel de coñecementos previos que nos fan pensar que cunha atención máis axustada ós seus intereses e cunha programación máis práctica e funcional das actividades docentes, poderían ser capaces de rematar con éxito o ensino secundario.

O programa de diversificación é unha resposta do centro no seu conxunto ós alumnos antes mencionados, aínda que a súa elaboración e desenvolvemento corresponda a certos profesores. Polo tanto será toda a Comunidade Educativa, especialmente o sector docente, responsable de poñer en marcha todos os medios posibles para garantir o seu funcionamento nas mellores condicións posibles.

2.3.2.-PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS, METODOLÓXICOS E DE ORGANIZACIÓN

○ PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

1. Os principios básicos do Programa de Diversificación son os mesmos que se establecen para a ESO, é dicir
 - a) Comprensividade, entendida como a existencia dunha formación básica común que atende ó desenvolvemento da persoa na súa totalidade, a través da adquisición dos elementos básicos da nosa cultura, a preparación para participar activamente na vida social e a preparación para incorporarse á vida activa ou continuar estudos na ensinanza postobrigatoria: bacharelato ou ciclos formativos.
 - b) Atención á diversidade entendida como o uso de medidas curriculares e metodolóxicas que garantan a axuda pedagóxica máis axeitada ás características e necesidades de cada alumno ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Concretarase na acción titorial, nas medidas de apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe, na orientación académico-profesional e no consello orientador, na optatividade e nas adaptacións curriculares.
 - c) Avaliación como un compoñente máis do proceso educativo, e que ten a finalidade de permitir a regulación por parte do profesorado e a autorregulación por parte do propio alumnado do proceso de ensino-aprendizaxe.
 - d) Currículo relativamente aberto e flexible, que permita adaptarse ás características individuais de cada alumno e que atenda de maneira equilibrada ós diferentes tipos de capacidades implicadas no desenvolvemento da etapa: Cognitivas, Motrices, de Equilibrio Personal, de Relación Interpersoal e de Inserción Social.

2. O programa de diversificación debe adaptarse ás características e necesidades dos alumnos que o cursan. Entre estas características temos: idade, intereses e motivación, capacidades, retraso escolar e adaptación ó centro.
3. Responderá ó principio de máxima normalización na medida en que a organización do centro o permita, isto implica:
 - a) Ter como referencia o currículo ordinario, en particular no que se refire ós obxectivos e criterios de avaliación das distintas áreas e materias que o integran, pero cos necesarios axustes derivados da nova organización que o programa impón nas mesmas.
 - b) Manter a máxima integración do alumnado no seu grupo clase de referencia, o que implica cursar con este o máximo número de áreas e materias optativas posible, sempre en virtude das necesidades dos alumnos. Especialmente a acción tutorial, a orientación académica e profesional e as actividades complementarias e extraescolares son ámbitos de actuación que deben contribuír á devandita integración.
4. Debe posibilitar ós alumnos realizar un aprendizaxe significativo e funcional mediante:
 - a) A vinculación do novo coñecemento cos coñecementos previos e experiencias dos alumnos.
 - b) O desenvolvemento dos coñecementos (conceptos, procedimentos e actitudes) aplicables na vida real.
 - c) O desenvolvemento de aprendizaxes básicas (instrumentais) para a adquisición de novas aprendizaxes.
 - d) A adquisición de estratexias e habilidades de aprendizaxe aplicables en diversos ámbitos de coñecemento.
 - e) O uso de métodos de ensinanza que impliquen unha intensa actividade dos alumnos, entendida non só como simple manipulación senón como actividade mental e reflexiva.
5. O programa de diversificación esixe un forte seguimento tutorial. Con respecto ó mesmo cabe facer as seguintes consideracións:

- a) A acción tutorial específica con este alumnado xirará principalmente en torno ós seguintes temas: aproveitamento do estudo, adaptación ó centro, resolución de problemas interpersoais, participación no entorno e integración no programa. No segundo ano, deberá prestarse atención especial á orientación sobre as opcións formativas e profesionais posteriores á ESO.
 - b) É necesario unir a función docente e a función tutorial. Cada un dos profesores que imparten docencia ós alumnos de diversificación deberá exercer un control e realizar un seguimento estreito do proceso de aprendizaxe na súa área. Se ben a función tutorial sempre está intimamente asociada á docente, no caso dos alumnos de diversificación isto cobra unha relevancia especial.
 - c) Debe potenciarse a relación familia-centro, a través das oportunas reunións colectivas e entrevistas individuais.
6. O programa de diversificación terá entre as súas finalidades principais favorecer a adquisición e desenvolvemento no alumno dun autoconcepto positivo, promovendo a confianza e seguridade nas propias posibilidades.

○ **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

Os principios metodolóxicos do Programa de Diversificación deben caracterizarse por:

1- Flexibilidade metodolóxica, entendida como:

- O uso combinado de técnicas e métodos variados adaptados ás necesidades concretas e ó estilo de aprendizaxe dos alumnos.

- Variación das modalidades de presentación da información, procurando arrancar de situacións nas que o alumnado entre en contacto con situacións reais, utilizando a información dos medios de comunicación e buscando que a información chegue ó alumno a través das diferentes canles sensoriais e que, sempre que sexa posible, permaneza ó alcance dos alumnos para retomala nos momentos necesarios.

- Variedade nos agrupamentos intragrupo, utilizando tanto actividades para todo o grupo como para pequenos grupos e traballo individual.

2- Metodoloxía activa e participativa:

- Buscar sempre a participación do alumno de forma activa.
- Programar actividades que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado á hora de configurar as unidades didácticas.
- Uso de instrumentos e recursos variados próximos á actividade do entorno sociofamiliar e ós intereses dos alumnos.
- Extrapolación da actividade escolar ó contorno, a través dunha aplicación funcional das aprendizaxes realizadas.

3- Globalización:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado para asegurarnos de que é capaz de integrar os novos coñecementos. Para isto realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos previos ó comenzo de cada unidade didáctica, proxecto ou centro de interese planificado; cada profesor poderá decidir o procedemento máis adecuado para esta avaliación inicial, de acordo co establecido polo seu correspondente Departamento Didáctico.
- Traballar os contidos do ámbito de forma global, partindo de centros de interese que estuden parcelas da realidade próximas ó seu contorno e ós seus intereses.
- O traballo nas distintas áreas e materias potenciará, de maneira especial a adquisición de procedementos específicos da área e, sobre todo, de estratexias e habilidades para a aprendizaxe.

4- Normalización:

- Todos os alumnos pertencerán a un Grupo Ordinario de referencia, co que cursarán as áreas comúns e no que terán a consideración de alumnos dese grupo para as actividades que se poidan organizar.
- O grupo de Diversificación mantén a mesma meta que o resto do alumnado: desenvolver as capacidades contempladas nos obxectivos xerais da etapa e acadar o título de Graduado en Educación Secundaria.
- O grupo de Diversificación deberá converterse nunha medida integradora que facilite a integración social do alumnado participante.

5- Adaptación ás necesidades, motivación e intereses do alumnado, respectando os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e propoñendo actividades prácticas e funcionais vinculadas ó contexto socioeconómico e cultural onde se desenvolven os nosos alumnos.

Á hora de seleccionar os métodos de ensinanza, haberá de terse en conta que un obxectivo básico da Diversificación é lograr un adecuado nivel de autoestima e autoconcepto, así como potenciar as relacións interpersoais e a participación dos alumnos no seu entorno académico e sociocultural (*socialización*). Por este motivo, deberá atenderse a:

- a) Favorecer a interacción profesor-alumno e alumno-alumno.
- b) Favorecer o desenvolvemento de estratexias de comunicación e participación na aula.
- c) Organizar as tarefas en forma de traballo en grupo e cooperativo.
- d) Fomentar a autoavaliación dos alumnos.
- e) Fomentar a avaliación compartida profesor-alumno.
- f) Evitar a comparación cos demais, potenciando as análises dos progresos con respecto ó nivel previo de cada un dos alumnos.
- g) Motivar a través do reforzo social e a valoración positiva das tarefas emprendidas e os logros alcanzados.

○ **PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS**

1. Os alumnos do Programa de Diversificación non poden constituir un grupo apartado e separado da dinámica xeral do Centro. O agrupamento de alumnos, confección de grupos e horarios, etc., deberán establecerse de acordo con este principio.
2. Para favorecer a integración dos alumnos de Diversificación nos grupos de referencia, cada grupo de Diversificación será distribuído en dous dos grupos de terceiro de ESO no primeiro ano do Programa e, no segundo ano en dous dos grupos de cuarto de ESO que funcionen no Centro.
3. De acordo coa Orde de 19 de mayo de 1997, o número máximo de alumnos nun grupo de diversificación será de quince.

4. A acción titorial en todos os seus aspectos: selección do titor, coordinación co resto do profesorado, comunicación coas familias, horario da titoría, etc., orientarase a favorecer a máxima integración posible dos alumnos no centro e nos seus grupos de referencia.
5. A determinación das materias optativas do 2º ano (4º de ESO) para cada un dos alumnos que participen no programa deberá ter en conta os seus intereses e competencias dentro das posibilidades organizativas do centro. . En todo caso, deberá garantir o necesario equilibrio entre os diferentes ámbitos de coñecemento e as capacidades que deben desenvolver ó término da Etapa.
6. Para favorecer a integración dos alumnos co seu grupo-clase procurarase que os alumnos de Diversificación participen co seu grupo de referencia nas sesións de titoría orientadas á integración e desenvolvemento social do grupo (xornadas de acollida, elección de delegado, establecemento de normas, etc).

2.3.3.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA DETERMINAR O ALUMNADO QUE SE INCORPORARÁ Ó PROGRAMA

○ CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

1. Poderán incorporarse ó Programa de Diversificación os alumnos con 16 anos ou que os cumbran no ano natural que comeza o programa e que mostren graves dificultades de aprendizaxe ata o punto de que exista o risco de que non alcancen os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria pola vía ordinaria.
2. O programa diríxese fundamentalmente a alumnos que cursaron 3º de ESO sen superalo e que, por diferentes circunstancias, non se prevé que coa soa repetición de curso (con ou sen adaptacións curriculares) recuperen as súas dificultades de forma suficiente para cursar con garantías de éxito 4º de ESO e obter o título de Graduado en Educación Secundaria.

Poderán incorporarse ó programa alumnos que vaian a cursar 3º de ESO despois de permanecer un ano máis no 1º ciclo e que reúnan as características anteriormente sinaladas.

3. Dado que a finalidade da diversificación curricular é que os alumnos alcancen os obxectivos da Etapa, resulta necesario que existan indicios razoados de que cursarán con aproveitamento o programa. Por este motivo, os alumnos propostos deberán mostrar un certo interese polo estudo ou cando menos por obter o título correspondente como paso para acadar, como mínimo, unha cualificación profesional mínima, correspondente ós Ciclos Formativos de Grao Medio.

Este interese será valorado a través dos seguintes indicadores, que se interpretarán de maneira flexible:

- a) Mostran unha certa conduta de estudo e realizan as tarefas cando se lles solicitan.
- b) Se existe falta de motivación escolar, esta é debida ás experiencias repetidas de fracaso (*non intenta as tarefas porque non se considera capaz de realizalas*) e non á falta de interés, pouca capacidade de esforzo ou rexeitamento manifesto polo ámbito académico. Neste senso, se ben a diversificación curricular esixe dos alumnos un certo interese polo ámbito académico, non pode pedírselles unha elevada motivación: en primeiro lugar porque a experiencia continuada de fracaso adoita levar aparellada a diminución do esforzo; en segundo lugar, porque o cambio organizativo e atención individualizada que conleva a diversificación poden producir en determinados alumnos unha mellora da actitude e do rendemento.
- c) Teñen interese por algunhas áreas curriculares, en especial por aquelas que deberá cursar co seu grupo de referencia: Música, Educación Física, Tecnoloxía e Educación Plástica e Visual) ou por determinadas materias optativas
- d) Mostran unha motivación adecuada cando se lles presta atención individualizada, ben sexa na propia clase, ben en apoios fóra da aula.
- e) Non mostran problemas de comportamento que dificulten a solución dos obxectivos do programa ou interfiran no aproveitamento do resto dos alumnos propostos.

4. Co fin de compensar as carencias socioculturais que inciden no fracaso escolar, serán prioritarios para a súa incorporación ó Programa aqueles alumnos cunha historia de falta de apoio familiar e carencia de estímulos para superar os niveis escolares, pero que manifestan aprezo pola escola e interese por obter unha titulación que lles sirva para progresar na escala social.
5. Poderán incorporarse ó Programa de Diversificación os alumnos con necesidades educativas especiais, coa correspondente adaptación curricular, sempre que diso se derive para o alumno un beneficio maior que o que conseguiría cursando o currículo ordinario con adaptacións significativas.

○ **PROCEDEMENTOS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO**

1. Os alumnos candidatos a participar no PDC serán propostos polas Xuntas de Avaliación de 2º e 3º de ESO adaptándose ós criterios recollidos na Orde de 19 de maio de 1997 pola que se regulan os Programas de Diversificación Curricular na Educación Secundaria Obrigatoria e as concrecións que se realizan neste documento.
2. A proposta individual de inclusión no PDC será elaborada polo titor do alumno e será remitida ó Xefe de Estudos consonte ó modelo incluído como anexo a este programa base, e recollerá, polo menos os seguintes apartados:
 - a) Datos de identificación.
 - b) Motivo que xustifica a proposta, con especial referencia ó establecido no punto anterior (criterios de selección).
 - c) Informes de Competencia Curricular das áreas e materias cursadas polo alumno no curso ou ciclo no que está escolarizado.
 - d) Informe sobre as medidas de atención á diversidade que se levaron a cabo nas diferentes áreas ou materias ó longo de toda a escolaridade anterior do alumno e valoración dos resultados obtidos. Breve resumo das medidas de Reforzo Educativo ou de Adaptación Curricular.

3. O Departamento de Orientación emitirá un informe individualizado que incorpore as conclusións da avaliación psicopedagóxica e a opinión do alumno e dos pais respecto á participación deste no programa.
4. A decisión definitiva sobre a incorporación ou non do alumno ó Programa de Diversificación tomarase nunha sesión especial, con asistencia do titor, o Xefe do Departamento de Orientación e o Xefe de Estudos.
5. A proposta de incorporación de alumnos ó PDC remitirase á Inspección Educativa aportando a seguinte documentación:
 - Copia do Programa Base de Diversificación Curricular (só no primeiro ano ou cando se incorporen modificacións significativas).
 - Relación de alumnos que se incluírán no programa.
 - Informe Psicopedagóxico de cada alumno e criterios para a elaboración do programa individualizado, así como criterios para a elaboración de Adaptacións Curriculares, cando sexan precisas.
6. Para que todo o proceso poida finalizar adecuadamente dentro dos prazos previstos pola administración, os diferentes pasos adaptaranse ós seguintes prazos:
 - a) Durante a sesión correspondente á 2ª avaliación farase unha primeira proposta de alumnos que poden incorporarse ó PDC no ano seguinte. Esta proposta será entregada á Xefatura de Estudos e ó Departamento de Orientación.
 - b) No mes de maio celebrase unha sesión extraordinaria na que se fará unha valoración global das circunstancias do alumnado proposto e realizarase unha primeira selección na que se rexeitarán os alumnos que non se adapten ó perfil indicado.
 - c) Os titores solicitarán os informes de Competencia Curricular das diferentes áreas na primeira semana de xuño ó profesorado correspondente.
 - d) Antes do 20 de xuño estarán a disposición dos titores e do profesorado os informes individuais elaborados polo D.O.
 - e) Entre o 20 e o 26 de xuño realizarase unha sesión na que se decidirá a incorporación definitiva dos alumnos ó PDC.

- f) Antes do 30 de xuño enviarase toda a documentación á Inspección Educativa.
- g) No mes de setembro o profesorado de ámbito e o DO concretarán os programas individualizados e as adaptacións curriculares, se é o caso, dos alumnos do PDC.
- h) Se quedaran vacantes, durante o mes de outubro recibiranse propostas para a incorporación de novos alumnos ó PDC. Esta nova incorporación estará dirixida preferentemente a alumnos procedentes doutros centros e de maneira excepcional a alumnos non propostos ou rexeitados no proceso anterior que amosen un cambio evidente de actitude ou interese.

2.3.4.- CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO E PARA A ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS, HORARIOS E RECURSOS MATERIAIS.

- **AGRUPAMENTOS**
 -
1. Os alumnos de Diversificación distribuiranse cando menos en dous grupos de referencia de 3º de ESO durante o primeiro ano, continuando nos mesmos grupos de 4º no segundo ano. Na medida do posible, intentarase que en ditos grupos non concurren outras circunstancias *especiais* (moitos repetidores, alumnos con problemas de conduta, alumnos con necesidades educativas especiais...)
 2. A integración dos alumnos de Diversificación nos grupos de referencia non poderá supoñer un aumento da ratio da clase.
 3. Dentro da aula, os agrupamentos serán variados (traballo individual, pequeno grupo, gran grupo), flexibilizándoos en virtude da tarefa que deba realizarse e das preferencias dos alumnos, se ben potenciando a capacidade do alumno para traballar con todo tipo de agrupamentos.

○ **ESPAZOS**

1. O grupo de Diversificación terá a todos os efectos a consideración dun grupo máis do Centro o que significa que contará cun espazo físico propio adecuado onde desenvolver as actividades docentes do grupo.
2. Cada alumno terá un espazo adecuado nas aulas de referencia cos criterios que se establezan para os demais alumnos e evitando que os alumnos de Diversificación poidan permanecer xuntos entre si e separados do resto dos alumnos da aula.
3. O alumnado de Diversificación participará no uso dos espazos colectivos do Centro: biblioteca, laboratorios, salón de actos, etc, na mesma forma có resto do alumnado.

○ **HORARIOS E COORDINACIÓN**

1. Os horarios do Grupo de Diversificación adaptaranse ó establecido na Orde de 19 de maio de 1997:

1º Ano do Programa.-

No Grupo de Diversificación

Ámbito lingüístico e social	10 períodos lectivos semanais
Ámbito científico	8 períodos lectivos semanais
Lingua estranxeira	2 períodos lectivos semanais
Optativa	3 períodos lectivos semanais
Titoría	1 período lectivo semanal

No Grupo de Referencia

Tecnoloxía	2 períodos lectivos semanais
Educac. Plástica e Visual	2 períodos lectivos semanais
Educac. Física	2 períodos lectivos semanais
Relixión/Alternativa	2 períodos lectivos semanais

2º Ano do Programa.-**No Grupo de Diversificación**

Ámbito lingüístico e social	10 períodos lectivos semanais
Ámbito científico	7 períodos lectivos semanais
Lingua estranxeira	2 períodos lectivos semanais
Titoría	1 período lectivo semanal

No Grupo de Referencia

Tecnoloxía	3 períodos lectivos semanais
Música	3 períodos lectivos semanais
Educac. Física	2 períodos lectivos semanais
Relixión/Alternativa	1 período lectivo semanal
Optativa	3 períodos lectivos semanais

2. Á hora de confeccionar os horarios, deberán reservarse bandas horarias para que os alumnos de Diversificación cursen co seu grupo de referencia as áreas e materias comúns , evitando que exista unha excesiva dispersión e demasiados desprazamentos. A tal fin na confección dos horarios do Centro terase en conta:
 - a) Situar na mesma banda horaria o ámbito do grupo e as áreas que o compoñen no grupo de referencia.
 - b) Situar na mesma banda horaria as materias optativas e as áreas comúns.
3. Para facilitar a interacción dos alumnos do grupo de Diversificación co seu entorno e a realización de actividades funcionais incardinadas no seu medio, procurarase que un/dous días á semana non teñan actividades en áreas comúns.
4. Para garantir o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, o conxunto de profesores que imparta docencia ó grupo de Diversificación manterá, polo menos, unha

reunión mensual de coordinación. Esta reunión poderá facerse coincidir coas reunións que manteña o equipo docente dos grupos ordinarios.

Será de especial importancia a primeira reunión de coordinación do profesorado ó comezo de cada un dos dous anos de que consta o programa na que se estableceran as liñas xerais de actuación.

5. Potenciaranse as reunións do titor de diversificación cos pais. O xefe do Departamento de Orientación participará neste proceso de comunicación.
6. O titor do grupo de Diversificación participará nas reunións de titores do nivel de referencia para conseguir a coordinación do Programa de Diversificación co Plan de Acción Titorial do Centro.
Especialmente importante será a coordinación do titor de Diversificación co titor do grupo de Referencia.

○ **RECURSOS HUMANOS**

1. Os recursos persoais para o Programa de Diversificación serán os propios do Centro en canto se refire ás actividades xerais do grupo de diversificación.
2. O desenvolvemento das materias optativas específicas estará condicionado a que o centro dispoña do profesorado oportuno.
3. Calquera profesor dos Departamentos Didácticos que teñen competencia sobre os ámbitos poderá impartir a docencia nestes, sempre que a organización do centro o permita.

O *ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL* será impartido por profesores do Departamento de Lingua Castelá e Literatura ou de Lingua Galega e Literatura definitivos no Centro, completando o seu horario coas actividades propias do profesorado do seu departamento e as actividades do Centro.

O *ÁMBITO CIENTÍFICO* será impartido por profesores do Departamento de Física e Química ou de Ciencias da Natureza definitivos no Centro, completando o seu horario coas actividades propias do Departamento ou do Centro.

A optativa específica do 1º ano será Iniciación Profesional á Hostalaría que será impartida polo profesorado do Departamento de Hostalaría do Centro, completando o seu horario coas actividades propias do departamento e do centro.

A lingua estranxeira será impartida por un dos profesores do Departamento da Lingua correspondiente, cunha programación que contemple os aspectos básicos do 3º nivel, adaptados ó horario máis reducido e ás características diferenciais do grupo de Diversificación en canto a capacidade de aprendizaxe, intereses e motivación dos alumnos.

As programacións dos distintos ámbitos e materias remitiranse no mes de setembro polos respectivos Departamentos Didácticos.

○ **RECURSOS MATERIAIS**

1. Dado que non existe unha dotación específica para o funcionamento do grupo de Diversificación, este participará nos recursos materiais do centro en conxunto e dos diferentes Departamentos Didácticos coa consideración dun grupo-clase do centro, sen máis limitación que a do número de alumnos cando esta limitación sexa pertinente.
2. Os materiais deberán ser suficientes e adecuados para permitir tanto o traballo individual dos alumnos como o traballo grupal (exposición do profesor, elaboración de informes, investigacións, etc).

2.3.5 –OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Á parte do Programa de Diversificación Curricular, no centro impártense Agrupamentos específicos en toda a Secundaria:

Cursos	Agrupamentos	Agrupamentos
1º	Matemáticas Ciencias Sociais	Lingua Galega Ciencias Naturais
2º	Matemáticas	Lingua Castelá
3º	Matemáticas	Lingua Galega ou Castelá
4º	Matemáticas	Lingua Galega ou Castelá

2.4 – HORARIO XERAL DO CENTRO

Lectivo

ESO e Bacharelato:

Horario pola mañá: de 9:00 h. a 14:30 h. de luns a venres, sendo o período de lecer de 11:30 h. a 12:00 h.

Horario de tarde: de 16:30 h. a 18:10 h. os luns para Secundaria e para Bacharelato os martes.

Ciclos Formativos:

- 1º de Cociña: luns e mércores 9:00 h. a 14:30 h. e de 16:30 h. a 18:10 h.; martes de 9:00 h. a 16:10 h.; mércores e venres de 9:00 h. a 14:30 h. O período de lecer é de 11:30 h. a 12:00 h.
- 2º de Cociña: de luns a xoves de 9:00 h. a 16:10 h.; venres de 9:50 h. a 13:00 h. O período de lecer é de 11:30 h. a 12:00 h.
- Servizos de Restaurante e Bar: luns de 9:00 h. a 15:20 h.; martes de 9:00 h. a 16:10 h.; xoves de 9:50 h. a 16:10 h. e de 16:30 h. a 17:20 h.; mércores e venres de 9:00 h. a 14:30 h. O período de lecer é de 11:30 h. a 12:00 h.
- 1º de Restauración: luns e mércores 9:00 h. a 16:30 h.; martes de 9:50 h. a 15:20 h. e de 16:30 h. a 18:10 h.; xoves e venres de 9:00 h. a 14:30 h. O período de lecer é de 11:30 h. a 12:00 h.
- 2º de Restauración: luns e venres de 9:00 h. a 14:30 h.; martes de 9:00 h. a 14:30 h. e de 16:30 h. a 18:10 h.; mércores de 9:00 h. a 15:20 h.; xoves de 9:00 h. a 15:20 h. e de 16:30 h. a 18:10 h. O período de lecer é de 11:30 h. a 12:00 h.

Comida

Debido ó tipo de Ciclos Formativos impartidos no noso centro, existe un servizo de comedor destinado ós alumnos e profesores de Hostalaría que abrangue unha franxa horaria comprendida entre as 13:15 horas e as 16:00 horas. A este comedor tamén teñen acceso outros membros da comunidade educativa, dentro duns límites marcados polo Consello Escolar do Centro.

Horario non lectivo

Dende o remate das actividades lectivas, o Centro permanece aberto o tempo que sexa necesario para a realización de actividades extraescolares e outras actividades docentes.

2.5 – ELEMENTOS MATERIAIS

2.5.1 – DEPENDENCIAS DOS EDIFICIOS

A organización destas dependencias será responsabilidade da Xefa de Estudos en colaboración coa Secretaria. Son as seguintes:

Edificio:

<p>1º Andar</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 aula de Música. - 1 Taller de Tecnoloxía. - 4 aulas grandes. - 1 laboratorio de Ciencias. - 4 seminarios. - 3 aulas pequenas. - 4 servizos alumnos. - 1 servizo minusválido. 	<ul style="list-style-type: none"> - 1 servizo profesores. - 1 aula de Informática. - 3 escaleiras - 1 cafetería. - 1 ximnasio. - 3 vestiarios. - 1 sala de máquinas do ascensor. - 2 salas de caldeiras. - 1 almacén da cafetería.
--	--

<p>2º Andar</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 aula de Informática. - 9 aulas grandes. - 1 laboratorio de Química. - 4 seminarios. - 3 escaleiras - 2 aulas pequenas.. 	<ul style="list-style-type: none"> - 1 Taller de Debuxo. - 1 aula de Debuxo. - 1 arquivo DOGA-BOE. - Biblioteca. - 4 servizos alumnos.
<p>3º Andar</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 Sala de profesores. - 6 aulas grandes. - 1 Taller Artístico. - 1 laboratorio de Física. - 5 seminarios. - 1 aula pequena. - 6 servizos alumnos. - 1 arquivo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Secretaría (Oficinas). - 3 despachos (Dirección / Secretaría / Xefatura de Estudos). - Gabinete Orientación. - Salón de actos. - 3 escaleiras. - 1 Ascensor que comunica os tres andares.

Edificio Hostalaría

<p>1ª Andar</p> <ul style="list-style-type: none"> - acceso a edificio existente. - 2 aseos alumnos. - 1 montacargas que comunica os tres andares. - 2 escaleiras - Vestíbulo. - 1 almacén da cafetería. - Cafetería. - 1 Comedor. 	<p>Andar Baixo</p> <ul style="list-style-type: none"> - 2 escaleiras. - Cortaventos. - Cociña. - Comedor. - Aseos alumnos. - Circunvalación. - Cuarto de limpeza - Almacén
---	---

<p>Andar Semisoto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Economato. - 1 cuarto para a maquinaria das cámaras frigoríficas. - 3 cámaras frigoríficas. - 1 sala de caldeiras. - Cortaventos. - Circunvalación. 	<ul style="list-style-type: none"> - 1 lavandería. - 2 vestiarios alumnos. - 2 aseos e vestiarios profesores. - 2 vestiarios profesores. - 1 cuarto para a maquinaria do montacargas. - 2 escaleiras.
--	---

2.5.2 – MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO

Cos investimentos feitos nos últimos anos, considéranse minimamente equipadas todas as dependencias do centro, agás as que se indican no apartado seguinte.

A organización do mobiliario e material didáctico será responsabilidade do Secretario.

2.5.3. – NECESIDADES

Edificio de Hostalaría:

- Instalación dunha porta que dea acceso da cociña ó comedor
- Posta en marcha dos extractores de gases.
- Novas taquillas.
- Reformas que cumpriría facer nas duchas.

Ximnasio: presenta as seguintes deficiencias:

- Non presenta as medidas mínimas esixidas pola LOXSE
- Condensación no chan.
- Pavimento moi esvaradío.
- Peche do patio exterior pola imposibilidade de controlar o acceso de persoas alleas ó centro.
- Iluminación insuficiente.

- O soto existente debaixo do ximnasio ten unha porta de reducidas dimensións que non permite introducir nel o material deportivo voluminoso.
- Goteiras situadas entre a pista e o edificio do instituto.
- A pintura dos campos da pista presentan deficiencias.
- Reformas nos vestiarios.

2.6. - COMUNIDADE EDUCATIVA.

Os dereitos, obrigas, réxime de funcionamento e funcións de todos os membros que forman a comunidade educativa do Instituto, están recollidos no Regulamento de Réxime Interior.

2.6.1. - ALUMNADO

Curso	1992-1993	1993-1994	1994-1995			1995-1996		
	Alumnos	Alumnos	Alumnos			Alumnos		
3º ESO	186	176	151			118		
4º ESO		169	144			121		
1º BAC			H	C	T	H	C	T
			79	51	14	38	82	33
2º BAC						H	C	T
						41	54	15
2º BUP	299							
3º BUP	119	200						
COU		151	199					

H = Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

C= Bacharelato de Ciencias da Saúde.

T= Bacharelato Tecnolóxico.

Curso	1996-1997			1997-1998			1998-1999			1999-2000		
	Alumnos			Alumnos			Alumnos			Alumnos		
1º ESO				70			82			55		
2º ESO				85			113			112		
3º ESO	93			85			117			118		
4º ESO	108			102			85			79		
1º BAC	H	C	T	H	C	T	H	C	T	H	C	
	50	52	20	8	44	18	21	34	24	23	39	
2º BAC	H	C	T	H	C	T	H	C	T	H	C	T
	38	66	20	50	73	8	33	42	19	25	23	17

Curso	2000-2001				2001-2002				2002-2003			
	Alumnos				Alumnos				Alumnos			
1º ESO	59				58				41			
2º ESO	71				62				68			
3º ESO	104				82				68			
4º ESO	98				89				61			
1º BAC	H	C	A	M	H	C	A	M	H	C	A	M
	14	60	33	0	34	44	48	1	22	36	52	1
2º BAC	H	C	A	M	H	C	A	M	H	C	A	M
	13	8	0	0	15	36	21	1	11	27	30	1

A = Bacharelato de Artes.

M = Bacharelato Musical.

Curso	2003-2004				2004-2005				2005-2006			
	Alumnos				Alumnos				Alumnos			
1º ESO	46				47				55			
2º ESO	56				50				41			
3º ESO	59				46				46			
4º ESO	64				46				38			
1º BAC	H	C	A	M	H	C	A	M	H	C	A	M
	17	15	53	1	18	21	32	1	22	16	25	1
2º BAC	H	C	A	M	H	C	A	M	H	C	A	M
	14	23	34	1	6	10	28	1	12	15	33	1

Curso	1995-1996		1996-1997		1997-1998		1998-1999	
	Alumnos		Alumnos		Alumnos		Alumnos	
COCIÑA	1º	2º	1º	2º	COCIÑA	1º	2º	1º
	23		24	16		23		24
RESTAURANTE E BAR	1º	2º	1º	2º	RESTAURANTE E BAR	1º	2º	1º
	16		12	4		16		12

Curso	1999-2000		2000-2001		2001-2002		2002-2003	
	Alumnos		Alumnos		Alumnos		Alumnos	
COCIÑA	1º	2º	1º	2º	1º	2º	1º	2º
	24	16	20	49	27	69	21	88
RESTAURANTE E BAR	1º	2º	1º	2º	1º	2º	1º	2º
	20	4	16	24	26	38	28	28
RESTAURACIÓN	20		1º	2º	1º	2º	1º	2º
			17	25	13	17	20	31

Curso	2003--2004		2004-2005		2005-2006	
	Alumnos		Alumnos		Alumnos	
COCIÑA	1º	2º	1º	2º	1º	2º
	18	45	22	36	20	30
RESTAURANTE E BAR	1º	2º	1º	2º	1º	2º
	22	27	18	21	27	18
RESTAURACIÓN			1º	2º	1º	2º
			15	25	24	29

2.6.2 – PROFESORADO

CURSO	Numerarios	Comisión de Servizo	Non Numerario	Mestres
1992-1993	17	15	13	
1993-1994	39	3	6	3
1994-1995	34	6		3
1995-1996	37	3	8	3
1996-1997	37	3	9	3
1997-1998	47	11	2	7
1998-1999	40	8	8	10
1999-2000	40	4	16	11
2000-2001	41	5	14	11

CURSO	Numerarios	Comisión de Servizo	Non Numerario	Mestres
2001-2002	36	4	13	11
2002-2003	41	4	5	11
2003-2004	44	3	8	10
2004-2005	46	3	8	9
2005-2006	41	7	6	8

2.6.3 – PERSOAL NON DOCENTE

O encargado da súa organización será o Secretario. No centro, o persola non docente está integrado por:

- tres conserxes.
- dous auxiliares administrativos.
- tres limpiadores a xornada completa e un a media xornada.
- un encargado de intendencia para o departamento do Hostalaría.
- unha coidadora para dous alumnos discapacitados.

26.4.- EQUIPO DIRECTIVO

Composto por:

- Directora.
- Vicedirector.
- Xefa de Estudos.
- Secretaria.

2.6.5 – CONSELLO ESCOLAR

Composto por:

- a Directora, a Xefa de Estudos e a Secretaria como membros natos.
- sete representantes do profesorado.
- tres representantes dos pais (un deles escollido pola APA)
- catro representantes do alumnado.
- un representante do persoal de administración e servizos.

- un representante do Concello.
- un representante das organizacións empresariais relacionadas coa familia profesional da Hostalaría.

2.6.6 – XUNTA DE DELEGADOS

Composta polos delegados de todos os grupos do centro, e os representantes dos alumnos no Consello Escolar

2.6.7. – APA

Constituída durante o curso 1992-93

2.6.8. – ASOCIACIÓN DE ALUMNOS.

Non está constituída. No caso de constituírse, será de acordo coa lexislación vixente.

2.6.9 – ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Departamento de Orientación. Formarán parte:

Xefe de Departamento

1 Profesor de Pedagogía Terapéutica

Departamentos didácticos.

DEPARTAMENTOS	ÁREAS E MATERIAS ADSCRITAS
CIENCIAS NATURAIS	Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias da Terra e Medioambiente, Ámbito Científico PDC
CIENCIAS SOCIAIS	Ciencias Sociais, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia de España, Xeografía, Historia da Arte.
ECONOMÍA	Economía, Formación e Orientación Laboral
EDUCACIÓN FÍSICA	Educación Física

DEPARTAMENTOS	ÁREAS E MATERIAS ADSCRITAS
FILOSOFÍA	Ética, Filosofía, Ética e Filosofía do Dereito, Ciencias Políticas e Sociais
EDUCACIÓN PLÁSTICA	Educación Plástica, Debuxo Técnico, Debuxo Artístico, Volume, Taller Artístico, Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas, Imaxe.
FÍSICA E QUÍMICA	Física e Química, Ámbito Científico PDC
FRANCÉS	Francés
	Inglés
CULTURA CLÁSICA	Latín, Grego, Cultura Clásica
LINGUA CASTELÁ	Lingua Castelá e Literatura, OCO, Ámbito Socio-Lingüístico PDC, Técnicas de Expresión Escrita.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Lingua Galega e Literatura, OCO, Ámbito Socio-Lingüístico PDC, Técnicas de Expresión Escrita.
MATEMÁTICAS	Matemáticas, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Métodos Estatísticos e Numéricos, Obradoiro de Matemáticas, Iniciación á Tecnoloxía Informática.
	Música
RELIXIÓN	Relixión
TECNOLOXÍA	Tecnoloxía, Iniciación Tecnoloxía Informática

DEPARTAMENTOS	ÁREAS E MATERIAS ADSCRITAS
HOSTALERÍA	Marketín, Ofertas Gastronómicas, Bebidas, Técnicas elementais de cociña, Técnicas de servizo e de atención ó cliente, Administración, xestión e comercialización ma pequena empresa, Preelaboración e conservación de alimentos, Técnicas culinarias, Repostería, Técnicas básicas de servizo e de `preparación de alimentos e bebidas á vista do cliente, Procesos de cociña, Procesos de servizo, Administración de establecementos de restauración, Procesos de pastelería e panadería, Marketin en restauración, Relacións no contorno de traballo, Formación e orientación laboral, Proxecto integrado, Formación en centros de traballo, Iniciación á Hostalaría
ORIENTACIÓN	Apoio, Orientación

Estarán integrados en cada Departamento os profesores que imparten algunha área ou materia adscrita ó mesmo.

Todos os Departamentos farán como mínimo unha reunión semanal co fin de facer o seguimento da aplicación dos proxectos curriculares. O Xefe do Departamento levantará acta dos acordos tomados.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)**

Integrada por:

- O Director que actuará de Presidente
- O Xefe de Estudos
- Os Xefes dos Departamentos Didácticos
- O Xefe do Departamento de Orientación
- O Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística
- O Coordinador de Formación en Centros de Traballo.

- **Coordinador de Formación en Centros de Traballo**

O coordinador é un profesor (preferiblemente con destino definitivo) elixido polos membros do Departamento de Hostalaría.

- **Equipo de Normalización Lingüística.**

O coordinador do equipo será un profesor (preferiblemente con destino definitivo) elixido entre os membros do Claustro. Está constituído por:

- Tres profesores propostos pola CCP.
- Tres alumnos propostos pola Xunta de Delegados.
- Un membro do persoal non docente por proposta dos mesmos.

2.6.10. OUTROS ÓRGANOS

- **Comisión Económica**

Está constituída por:

- O Director.
- O Secretario.
- Un profesor do Consello Escolar.
- Un alumno do Consello Escolar.
- Un pai do Consello Escolar.

- **Comisión de Convivencia**

Está constituída por:

O Director.

O Xefe de Estudos, con voz pero sen voto.

Tres profesores do Consello Escolar.

Dous alumnos do Consello Escolar.

Un pai do Consello Escolar.

- **Xunta de Profesores de Grupo**

Constituída por todos os profesores que imparten docencia ó grupo e presidida polo titor.

2.7. ELEMENTOS ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN

2.7.1 A SECRETARÍA

Atendida por dos funcionarios non docentes, sendo o responsable da súa organización e xestión a Secretaria.

O horario para a atención ó público é de 9:00 a 14:00 horas, permanecendo pechada dentro deste horario cando non estean os auxiliares administrativos

2. FINS EDUCATIVOS.

Enumeraremos ós seguintes:

- Pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.
- Formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- Capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- Formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural.
- Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
- Formación na pluralidade de oportunidades para ámbolos dous sexos.
- Formación para a valoración co medio ambiente.

4. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais establecen as capacidades que se espera que adquiran os alumnos e alumnas ó finalizar calquera etapa educativa. Con isto quérese dicir que hai unha competencia xeral, que é a que se vai desenvolver, a través dos diversos tipos de capacidades, no proceso de ensinanza aprendizaxe e que logo se pode manifestar en condutas e graos moi diferentes. O realmente importante é, por tanto, a intervención educativa que pode facelo Centro, sen consider-la concreción da mesma nun repertorio de condutas avaliáveis. Por iso parécenos importante adecuar cuidadosamente os obxectivos xerais de cada unha das etapas educativas ó contexto e a realidade do Instituto, xa que constituen o núcleo de todo o desenvolvemento do curriculum.

A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica procurar que nos departamentos das distintas áreas teña presura a realidade galega

Pasamos a continuación a detallar os obxectivos xerais de cada unha das etapas educativas que estanse a impartir neste Centro.

4.1 OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Os obxectivos xerais dunha etapa e dun ciclo educativo deben ser abertos e adecuados ás idades do desenvolvemento psicolóxico do alumnado, para que sexa posible atender á diversidade sociolóxica, cultural e de ritmos de aprendizaxe do alumnado. Uns obxectivos abertos permiten distintos niveis de consecución, de tal maneira que sexan máis unha referencia de traballo que un punto inexorable de chegada. Estes obxectivos serven para estimular o progreso de cada un cara ás mesmas metas, pero non para avaliar igualmente os logros de cada alumna ou alumno.

Se temos en conta que o Ensino Secundario Obrigatorio debe ser unha etapa de continuidade con respecto á Educación Primaria, podemos entender con facilidade que neste período educativo se propoña o desenvolvemento integral do alumno, nun momento no que se produce un madurecer físico e psicolóxico das alumnas e alumnos. Este desenvolvemento integral non debe ser considerado só a nivel intelectual, senón que tamén se ha de procurar un desenvolvemento afectivo que posibilite o equilibrio persoal e a relación interpersoal, así como o desenvolvemento motor e as capacidades de relación social.

Por outra parte, o ensino nesta etapa educativa será común para todas as alumnas e alumnos, e ó mesmo tempo adaptarase a diferentes intereses, considerando o seu carácter terminal, de xeito que posibilite o desenvolvemento de capacidades distintas nas distintas persoas para a súa participación na sociedade.

Como fonte dos obxectivos xerais de que trata este epígrafe, enumeramos a continuación as finalidades educativas desta etapa:

- Transmitir a todos os alumnos e alumnas os elementos básicos da cultura galega e universal.
- Formalos para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos na sociedade na que viven.
- Preparalos para a súa incorporación á vida activa ou para o acceso á Educación Secundaria Post-obrigatoria.

Tomando estas finalidades como base, e co fin de desenvolver as capacidades propias desta etapa, as alumnas e alumnos deberán acadar ó longo da Educación Secundaria Obrigatoria os seguintes obxectivos:

1. Formarse unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada.
2. Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando calquera tipo de discriminación.
3. Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade en lingua galega, lingua castelá e, polo menos, unha lingua estranxeira, que poderá ser inglés, francés, ou ambas; utilizándoas para comunicarse, para organizar os propios pensamentos e para reflexionar sobre a propia lingua.
4. Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisións persoais, e valorar os beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como o de levar unha vida sá.
5. Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento da sociedade galega, así como o doutras sociedades, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.

6. Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
7. Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.
8. Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora. Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos individuos e dos pobos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto de cara ó exercicio deste dereito.
9. Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a súa incidencia no medio físico e social.
10. Expresar e comprender con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos lingüísticos, artísticos, científicos e técnicos.
11. Obter e seleccionar información utilizando calquera fonte dispoñible, tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila ó demais de maneira organizada e intelixible.
12. Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia cotiá, mediante procesos de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
13. Adquirir un hábito de traballo acorde coa súa madurez psicolóxica.
14. Que os alumnos ó rematar 4º da ESO dominen as dúas linguas oficiais

4.2 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

Mediante o desenvolvemento do currículo, os alumnos e alumnas de Bacharelato deberán acadar os seguintes obxectivos:

1. Consolidar unha madurez persoal, social e ética que lles permita actuar de forma responsable e autónoma.
2. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social e natural.

3. Adquirir un hábito de traballo e estudo consonte á madurez esperada nesta etapa.
4. Analizar e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel.
5. Dominar as linguas galega e castelá e expresarse con fluidez e corrección polo menos nunha lingua estranxeira, podendo ser esta inglés ou francés.
6. Dominar os coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e as habilidades básicas propias da modalidade de Bacharelato escollida.

7. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.
8. Favorecer o desenvolvemento persoal e a adquisición de hábitos saudables mediante a educación física e o deporte.
9. Comprender os elementos fundamentais da investigación e do método científico.

4.3 OBXECTIVOS XERAIS DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

A sociedade actual, caracterizada por un proceso de cambio acelerado no eiro tecnolóxico, obriga a que os estudos da formación profesional garantan unha gran formación inicial dos alumnos que os capacite para o desempeño cualificado das distintas profesións, proporcionando ó mesmo tempo unha formación polivalente que permita a adaptación dos titulados ós cambios e ás modificacións que poidan producirse ó longo da súa vida laboral.

Tendo en conta estas premisas, e co fin de desenvolver as capacidades propias desta etapa, os alumnos e alumnas que cursen os Estudos da formación profesional deberán acadar os seguintes obxectivos:

1. Adquirir o conxunto de coñecementos, habelencias, destrezas e actitudes vencelladas á competencia profesional característica de cada título.
 - Técnico en Cociña: Executar todas as operacións de manipulación, preparación, conservación e presentación de toda clase de alimentos, confeccionar ofertas gastronómicas e apoiar actividades de servizo, logrando a calidade e obxectivos económicos establecidos e aplicando en todo momento as normas e prácticas de seguridade e hixiene.

- Técnico en Servizos de Restaurante e Bar: Realizar operacións de servizo de alimentos e bebidas, acollendo e atendendo ó cliente, e preparar calquera tipo de bebidas e comidas rápidas, conseguindo a calidade e obxectivos económicos establecidos e aplicando en todo momento as normas e prácticas de seguridade e hixiene.

- Técnico Superior en Restauración: Administrar, planificar e organizar establecementos, áreas ou departamentos de restauración, deseñando e comercializando a súa oferta gastronómica.

2. Comprender a organización e características do sector de Hostalaría-Turismo.

3. Coñecer a lexislación laboral básica e os dereitos e obrigacións que dela se derivan.

4. Dispoñer dos coñecementos e habilidades necesarios para traballar en condicións de seguridade, amosando unha actitude preventiva ante posibles riscos derivados das situacións de traballo.

5. Profundizar na autonomía, identidade e madureza persoal e profesional de forma que permita realizar futuras aprendizaxes e adaptacións ás novas tendencias no sector da Hostalaría.

5. CRITERIOS E OPCIONES BÁSICAS DE METODOLOGÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía a seguir neste instituto terá como notas fundamentais o seu carácter de activa e participativa. Prestará atención á funcionalidade dos coñecementos e á aprendizaxe significativa.

A nosa proposta metodolóxica facilitará o traballo autónomo do alumno, potenciará as técnicas de indagación e investigación, e aplicacións e transferencias do aprendido á vida real baixo un enfoque pedagóxico que atenda á didáctica de cada unha das disciplinas.

Dende as distintas áreas utilizaranse estratexias metodolóxicas e deseñaranse actividades que os alumnos e alumnas realizarán como complemento da formación na aula, de xeito que adquiran hábitos de traballo e estudo acordes co seu desenvolvemento psicolóxico, favorecendo a autoorganización do tempo e a toma de iniciativa e decisións. Así mesmo, os departamentos elaborarán material didáctico axeitado para desenvolver os temas de maior dificultade para os alumnos e actividades especiais adoptando as estratexias necesarias a este fin.

Procurarase un tratamento global e interdisciplinar daqueles aspectos do ensino-aprendizaxe que así o requiran, como a ortografía, o cálculo, a expresión oral e escrita ou a realización de sínteses para estruturar coñecementos... Para traballar de xeito interdisciplinar consideramos imprescindible coordinar a secuenciación de contidos entre as distintas áreas ou materias, como especificaremos no apartado dedicado á interdisciplinaridade (8).

Así mesmo, pretenderase, mediante a utilización de diversas actividades, prestar atención ás diferenzas entre o alumnado. Mediante a integración de teoría e práctica favorecerase o desenvolvemento de capacidades diversas e polo tanto unha maior adecuación á pluralidade dos alumnos. Tamén mediante a utilización de distintos soportes didácticos como a literatura, vídeo, audio, gráficos, informática, ou o uso alternativo duns e outros, tratarase de adaptar a mensaxe ás distintas capacidades perceptivas que posúan os alumnos e alumnas para acadar os mesmos obxectivos ou contidos. O uso de diferentes linguaxes e de diferentes soportes de comunicación fai posible o enriquecemento da recepción/emisión das mensaxes en todo o alumnado e permite atender á diversidade de estilos de aprendizaxe. O uso case exclusivo da linguaxe literaria e dos soportes oral e escrito é un factor selectivo que dificulta a atención á diversidade. En cambio esta atención vese favorecida por:

Criterios e Opcións Básicas de Metodoloxía Didáctica

- a alternancia de linguaxes: literaria, icónica, expresiva, xestual.
- a simultaneidade de diferentes linguaxes e/ou diferentes soportes para comunicar unha mesma mensaxe.
- a alternancia de soportes.

Para favorecer a participación de todos os alumnos e alumnas no proceso de aprendizaxe en maior ou menor grao segundo as súas posibilidades, é preciso propoñer actividades de tipo helicoidal, é dicir, de distintos niveis de dificultade. Deste xeito ós alumnos e alumnas que teñan desenvolvido un maior número de capacidades facilitaráselles contidos e material de ampliación, mentres que para aqueles que mostren un menor número de capacidades é preciso priorizar os contidos procedementais e actitudinais facilitando a súa integración social.

Como criterio metodolóxico que favoreza a motivación e o interese do alumnado, partírase das experiencias e aprendizaxes da vida real que posúan as alumnas e alumnos, polo que se prestará atención á avaliación inicial que nos permitirá coñecer os preconceptos e preexperiencias sobre os que construír o proceso de aprendizaxe.

6. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

6.1. INTRODUCCIÓN

Ademais de apreciar o traballo realizado polos alumnos no transcorrer do curso, as técnicas de avaliación permítennos ter un balance obxectivo da propia organización e dos procedementos de traballo utilizados; así, partindo destes datos, poderemos adecuar e mellorar o ensino en posteriores ocasións.

Toda avaliación debe incluír tres capítulos: o rendemento individual e grupal dos alumnos; o rendemento acadado polo profesor, como guía e orientador e, por último, a avaliación das unidades didácticas como sistema de organización dos cursos e da técnica didáctica.

O modo de avaliar un currículo aberto e flexible será dunha maneira continua e individualizada, establecendo como criterio de referencia o propio alumno e as súas aprendizaxes no seu proceso de formación continua, de tal xeito que sexa formativa, polo contrario da que se viña practicando, que era normativa, cun criterio referencial baseado no grupo. Por outro lado a avaliación será criterial, de tal forma que os criterios referenciais para avaliar sexan os obxectivos terminais, como aglutinadores de conceptos, procedementos e actitudes; estes son os que nos indican "o que se pretende acadar" ó finalizar un proceso educativo determinado. Do exposto dedúcese que os criterios de avaliación fundamentais son o alumno como aprendiz e como persoa e os obxectivos terminais; así pois as características fundamentais da avaliación, serán:

1. Inicial: debe partir da realidade do alumno, tal como xa se indicou.
2. Formativa e individualizada: centrada nos procesos de pensar e na formación do alumno.
3. Continua: implicada en todo o proceso educativo.
4. Integral e holística: máis preocupada da síntese que da análise; do todo que de cada un dos elementos.
5. Orientadora da aprendizaxe significativa: respectando e impulsando a significatividade da experiencia e dos conceptos.
6. Criterial: os obxectivos terminais convertiranse de feito en criterios de avaliación.
7. Final: avaliación dos resultados, conceptualización da materia e valoración dos procedementos aprendidos.

Por outra banda, consideramos necesario ter en conta algúns criterios básicos para enfocar correctamente o que é o sentido educador da avaliación:

1. A avaliación continua fronte ó sistema tradicional de exames, punto inicial que convén aclarar. Por moito que se falara da deficiencia do sistema de exames, do aleatorio que é cualificar a un alumno en base a eles, da ansiedade que producen, etc., aínda se segue utilizando como a "forma de avaliar", cando o que se está a facer é unha cuantificación puntual do saber dos alumnos. Os exames, controis, probas, etc. son exercicios concretos que reflexan un coñecemento circunstancial do alumno, e aínda que tamén mostran destrezas, con frecuencia estas nin sequera son avaliadas. Así pois, usando este procedemento non temos nunca datos que nos indiquen o estado do proceso educativo do alumno, só elementos parciais e illados que, de ningún modo, aportan o necesario para a avaliación docente. Isto non quere dicir que se deban desterrar os exames, senón que se teñen que poñer no seu xusto lugar, como un medio máis e que serven só para "medir" aspectos moi concretos de todo o proceso.

2. Que avaliaremos: por suposto, ó ser un proceso continuo e globalizador, temos que avaliar todos os aspectos da personalidade do alumno, non simplemente o número e calidade dos coñecementos adquiridos. Polo tanto avaliaremos: os coñecementos; o desenvolvemento das capacidades, atendendo ós hábitos superiores de reflexión, interpretación, crítica, xeralización, etc.; os cambios comportamentais, actitudes, valores, normas, etc.; as habilidades e destrezas, capacidades lecto-escritoras, síntese, análise, etc. É doado ter en conta non só o produto acadado, senón tamén o esforzo realizado para a consecución de dito produto; neste sentido debemos falar de produto satisfactorio en lugar de produto suficiente; no primeiroponse en relación ó suxeito consigo mesmo e coas súas capacidades, mentres que no segundo compárase o suxeito cunha norma establecida.

3. Quen avaliará: para descargar a avaliación de posibles miopías -nunca de responsabilidades- e autolimitacións, cando non de prexuízos, convén que a avaliación sexa realizada polo grupo de profesores que teñen responsabilidade sobre o alumno. Neste senso as xuntas avaliadoras deben funcionar como un equipo, utilizando o diálogo e non, como con frecuencia se vén facendo, cun individualismo que non serve para aprezoar o rendemento e progreso dos alumnos. Por outro lado cremos que a avaliación debe ser feita, ademais de polos profesores, polos pais e polo propio alumno e os seus compañeiros, realizando así unha heteroavaliación, que con frecuencia é moi útil para o profesor e para a comprensión do proceso por parte do alumnado e dos seus pais. É unha actividade factible entregar os exercicios ós alumnos para que eles corrixan, antes de coñecer o dictame do profesor, e tamén comentar as probas de que se dispoñen periodicamente cos pais para implicalos no proceso educativo.

4. Como avaliaremos: as avaliacións deben ser programadas previamente, non só no que concerne ós equipos directivos como son datas, etc. nin ós Departamentos didácticos, como son criterios conxuntos, senon tamén no que se refire ó propio profesor. Hai que determinar os obxectivos educacionais, as técnicas a empregar, os momentos e situacións máis oportunos para a súa aplicación. É contraproducente o sistema de avaliación unitiva, sometendo ós alumnos a un mesmo e único mecanismo de control. Se o alumno é de por si diverso, complexo, distinto, tamén as fórmulas de control han de selo, puidendo utilizar para isto probas escritas, orais, obxectivas, entrevistas, observacións sistemáticas, etc.

4. Cando debemos avaliar: obviamente toda avaliación debe ser continua e permanente, eliminando as avaliacións imprevistas e provocadas, como permanente é o proceso

Criterios Xerais para Avaliación e Promoción educativo. É importante distinguir tres momentos clave no proceso de avaliación: exploración inicial, avaliación

5. formativa e avaliación sumativa ó final. A exploración inicial ten moito valor como prognóstico, axúdanos a ver o grao de formación inicial dun alumno para enfrontarse a posteriores aprendizaxes. A avaliación formativa debe cumprirse ó finalizar as unidades temáticas por unidades de tempo, o que non equivale ós clásicos exames trimestrais, senón que se "redondea" en unidades temporais, que, ás veces, coinciden coas reunións da xunta avaliadora. A avaliación sumativa terá en conta todo o proceso de rendimento dun alumno e ó propio alumno como personalidade.

6.2. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CALENDARIO DAS AVALIACIÓNS.

Algúns recursos ou instrumentos para a avaliación total de obxectivos, destrezas, actitudes e conceptos, son:

1. O rexistro directo da actuación do alumno na clase, a través de observacións o máis sistemáticas posibles.

- . O caderno de clase, que reflicte o traballo diario do alumno, o que nos permite ver a súa evolución e progreso durante o proceso da aprendizaxe. No senso de que é un diario, é o instrumento máis valioso de seguimento e avaliación tanto para o profesor como para o alumno, quen pode a través del tomar conciencia do seu traballo, avances, retrocesos, facendo así posible a autoavaliación. Tamén é importante o feito de que se o alumno percibe que este traballo diario é importante para o profesor, pasará a consideralo tan importante como as demais probas que puntualmente se poidan realizar, e valorará o estudo como unha tarefa de búsqueda continua de respostas en vez de como unha suma de esforzos intensivos e estandarizados.

3. As disertacións, tanto orais como escritas, os comentarios de texto, as redaccións e, en xeral, todas as actividades que o alumno realiza ó elaborar un tema serven para coñecer o grao de adquisición dos obxectivos instrumentais ou destrezas, así como a capacidade de expresión.

4. As probas de carácter escrito, puntuais, de preguntas abertas e respostas amplas, así como as resolucións de problemas, serven para avaliar a corrección na expresión e na organización de

Criterios Xerais para Avaliación e Promoción ideas. As probas tipo test non son o máis indicado xa que obvian unha serie de coñecementos procedementais, non permitindo ó alumno expresarse, ser creativo, crítico, etc.

5. Os traballos monográficos como investigación, os resumos de libros con comentarios críticos, as presentacións en común, son uns recursos de avaliación moi útiles, tanto por ser unhas actividades moi motivadoras en xeral para o alumnado, como, e consecuencia do anterior, por ser onde se mostran máis desinhibidos sacando de si todo o seu potencial creativo e argumentativo.

Estes recursos non obstan para que cada Departamento inclúa no seu proxecto as actividades específicas para cada área. Así mesmo deberán incluír todas as estratexias de reforzo necesarias para que os alumnos poidan superar as dificultades que xurdan ó longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén cabe sinalar que, con carácter xeral, realizaranse ó longo do curso ó menos tres sesións conxuntas de avaliación. Nestas sesións ordinarias, o proceso da avaliación reflectirase nunha cualificación; isto non impide que se fagan outras sesións extraordinarias nas que se avaliará o proceso educativo seguindo os criterios pedagóxicos sinalados na introdución.

6.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

6.3.1 DEFINICIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CAPACIDADES XERAIS

Aínda que o Claustro do Instituto, con data de xuño de 1995, aprobou uns criterios de promoción, baseándose na adquisición dunhas capacidades de tipo actitudinal, procedemental e conceptual, cremos que quizá poderíanse modificar de acordo co que aprendimos estes anos. O que propoñemos é un modelo suxerido polo Gabinete de Orientación que, aínda que non difire substancialmente nos contidos, si o fai na estrutura e baséase en sete capacidades que se refiren ós obxectivos xerais da E.S.O. Aínda que pareza obvio, convén explicitar que ditas capacidades deben adquirirse en diversos graos segundo se avanza no proceso de ensino- aprendizaxe, debendo estar integradas no proxecto de aula de cada nivel.

1.- Expresión: enténdese por expresión a lingüística, tanto oral como escrita, clara e adecuada á tarefa; é dicir, a capacidade de reflectir o que se quere dicir con grao de claridade suficiente e axustado á forma de expresión do tipo de traballo ecomendado. Tamén inclúe o uso

Criterios Xerais para Avaliación e Promoción correcto do léxico xeral e específico de cada área ou materia, así como a corrección sintáctica, ortográfica e fonética. Os indicadores de capacidade serían:

- 1.1. Expresarse oralmente con claridade.
- 1.2. Expresarse por escrito con claridade.
- 1.3. Posuír e usar un léxico xeral adecuado ó nivel correspondente.
- 1.4. Incorporar e usar con propiedade o léxico básico de cada área ou materia .
- 1.5. Construír ben as frases.
- 1.6. Escribir con corrección ortográfica.
- 1.7. Ser ordenado nas exposicións.
- 1.8. Adaptar os escritos ó tipo de tarefa encomendada.

2.- Comprensión e razoamento: é a capacidade de analizar e relacionar con lóxica datos e ideas. Nela inclúense a de síntese, a de identificar e resolver problemas , a de comprender textos e mensaxes complexas nas linguas propias, a de comprender textos e mensaxes sinxelos en lingua estranxeira, a de argumentar, a de seleccionar e organizar a información en función dunha finalidades, etc.. Os indicadores serían:

- 2.1. Analizar e relacionar con lóxica os datos e ideas que se manexan (comparación, secuenciación, clasificación, relación causa-efecto, etc.).
- 2.2. Distinguir entre as ideas principais e secundarias dun texto ou información.
- 2.3. Resumir e sintetizar os coñecementos que se manexan.
- 2.4. Argumentar ordenadamente, distinguindo entre os datos supostos dos que parten e as conclusións ás que se chega.
- 2.5. Comprender os conceptos básicos de cada área ou materia e saber aplicalos na resolución dos exercicios.
- 2.6. Memorizar comprensivamente.
- 2.7. Seleccionar e organizar a información, a partir de diferentes fontes, en función dunha finalidade.
- 2.8. Comprender mensaxes sinxelas en lingua estranxeira.

3. Cálculo: é a capacidade de utilizar o nivel básico de cálculo na realización de tarefas concretas en diferentes ámbitos. Fundamentalmente baséase en tres puntos: o coñecemento e comprensión do significado das operacións básicas, a comprensión do concepto variable, e a súa representación, e a forma en que se utilizan estas en expresións sinxelas. Non se considera toda a

Criterios Xerais para Avaliación e Promoción mecánica do cálculo, nin o conxunto de regras e coñecementos imprescindibles para os cálculos compleos ou formulacións máis abstractas, xa que se incluírán como capacidades específicas da área de matemáticas e noutras. Os indicadores serían:

- 3.1. Saber usar as operacións numéricas básicas na resolución de problemas.
- 3.2. Resolver ben problemas concretos, utilizando expresións matemáticas directas.
- 3.3. Saber facer cálculos con expresións que inclúan variables.
- 3.4. Saber construír unha gráfica.
- 3.5. Saber obter datos numéricos dunha gráfica.

4. Representación gráfica e simbólica: é a capacidade de interpretar e producir con propiedade, autonomía, e creatividade obras e mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos. Concrétase na capacidade de utilizar a representación gráfica ou simbólica como outra forma de expresión útil para completar ou mesmo substituír á escrita. Refírese á asimilación de uso de códigos e recursos expresivos non lingüísticos específicos das diversas áreas e materias. Os indicadores serían:

- 4.1. Saber interpretar e valorar manifestacións artísticas. Ser capaz de interpretar mensaxes que utilicen símbolos artísticos.
- 4.2. Saber producir obras e mensaxes que utilicen recursos e códigos artísticos.
- 4.3. Empregar os recursos formais aprendidos para mellorar a calidade estética e expresiva dos traballos realizados.
- 4.4. Saber interpretar mensaxes que utilicen símbolos científicos e técnicos.
- 4.5. Saber producir mensaxes que utilicen símbolos científicos e técnicos.
- 4.6. Saber construír gráficos e representar datos neles.
- 4.7. Saber interpretar o significado dun gráfico.

5. Traballo práctico: é a capacidade para realizar tarefas prácticas concretas das áreas ou materias dentro dos prazos asignados e coa corrección adecuada. Inclúe a capacidade de ordenación e organización dos instrumentos e da área de traballo, así como a capacidade de traballar en equipo. Os indicadores de capacidade son:

- 5.1. Acabar os traballos nos prazos asignados.
- 5.2. Realizar os traballos prácticos axustándose ás condicións mínimas que se indican.
- 5.3. Coidar o material e manter a orde e a limpeza no lugar de traballo.
- 5.4. Traballar cumprindo as normas de hixiene e seguridade.

- 5.5. Ser metódico e sistemático no desenvolvemento do traballo.
- 5.6. Seleccionar, organizar e manexar ben o material adecuado para realizar o traballo.
- 5.7. Ser capaz de traballar autonomamente, sen necesidade de instrucións concretas e constantes.
- 5.8. Traballar ben en equipo.

6. Esfuerzo por progresar: sería o esforzo que pon o alumno no traballo, para procurar superar as dificultades que ten na aprendizaxe, independentemente de que o consiga. Non se valorarán os resultados senón a actitude de esforzo por mellorar a súa situación, ben sexa para superar os mínimos non alcanzados ou para avanzar máis no seu nivel de coñecementos. Esta actitude manifestarase en hábitos de traballo observables:

- 6.1. Asistir regular e puntualmente ás clases e actividades programadas.
- 6.2. Traer o material necesario para traballar na clase.
- 6.3. Seguir con atención as actividades da aula e realizar habitualmente as tarefas da clase.
- 6.4 Realizar regularmente as tarefas que se manden fóra da clase.
- 6.5. Formular as dúbidas ou dificultades que se presenten.
- 6.6. Tratar de corrixir os erros e mostrar afán de superación.
- 6.7. Ser constante.
- 6.8. Demostrar interese ou curiosidad polo estudo.
- 6.9. Ser consciente da necesidade de se esforzar.

7. Responsabilidade e comportamento social: É a capacidade de comportarse con espírito de cooperación, responsabilidade moral, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de non discriminación entre as persoas. Inclúese a capacidade para asumir responsabilidades e cumprir os pactos ou compromisos, así como a actitude de respecto cara ó ben común e o ambiente.

- 7.1. Cumprir as normas de convivencia social e do centro.
- 7.2. Ser tolerante e respectar os demais.
- 7.3. Controlar a conduta e as emocións tentando de non provocar conflitos.
- 7.4. Ser dialogante, saber escoitar e respectar o turno de palabra.
- 7.5. Ser cooperativo cos compañeiros e profesores.
- 7.6. Asumir responsabilidades e cumprir os compromisos.

7.7. Manifestar capacidade autocrítica, respondendo positivamente ás críticas recibidas e sabendo facelas razoadamente ante as opinións e valores alleos.

7.8. Respectar o ben común e o medio.

7.9. Mostrar actitudes solidarias.

6.3.2. CUALIFICACIÓN DAS CAPACIDADES XERAIS.

Estableceríanse catro niveis de cualificación das capacidades:

S (4) supera con suficiencia.

L (3) está no límite de acadar o nivel mínimo.

R (2) ten fallos que debe recuperar.

D (1) ten moitas dificultades.

O profesor de cada área ou materia indicará o nivel alcanzado polo alumno en cada capacidade avaliada. Cando o nivel indicado sexa L, R o D, incluíranse indicadores que dean información acerca das dificultades que ten o alumno; para iso usaranse os códigos numéricos correspondentes.

Coas anotacións de todas as áreas e materias que avalían unha capacidade, obterase a cualificación global da mesma. Esta cualificación correspondería coa media aritmética de todas as anotacións, de tal xeito que se consideraría:

S.- se a media é superior a 3,5

L.- se a media está entre 3 e 3,5

R.- se a media está entre 2 e 3

D.- se a media é inferior o 2.

Coas cualificación globais das capacidades, e co mesmo criterio, obterase a cualificación global das capacidades e esta servirá de base para tomar as decisións de promoción.

6.3.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

A publicación da LOCE (L.O. 10/02) e o calendario de aplicación da mesma (R.D: 827/93) supuxeron a introdución de modificacións normativas en relación á avaliación, promoción

e titulaci3n da ESO que foron anticipadas no curso 2003/2004. A nosa Comunidade Aut3noma desenvolveu transitoriamente estas modificaci3ns mediante a publicaci3n da Orde 25 de Agosto de 2003 (DOG 15-09-03), que foi ampliada con posterioridade pola Orde do 21 de Novembro de 2003 (DOG 3-12-03).

A publicaci3n do R.D. 1318/04 do 28 de Maio, polo que se modifica o R.D. 827/03, introduciu un aprazamento no calendario de aplicaci3n da nova ESO a3nda que permanecen vixentes os aspectos que, como queda dito, foran anticipados no curso 2003/04. Para levar a cabo a implantaci3n das normas citadas a nosa Cominidade publicou a Orde de 30 de Setembro de 2004.

AVALIACI3N: ser3 continua, formativa e integradora, a3nda que diferenciada por 3reas, materias e/ou 3mbitos, tendo en conta os obxetivos de cada materia e os criterios de avaliaci3n.

A avaliaci3n realízase polo equipo de profesores do respectivo grupo de alumnos coordinado polo profesor titor. Actuar3n de maneira colexiada 3 longo do proceso de avaliaci3n e, na adopci3n das decisi3ns resultantes, o profesorado **non poder3 absterse**, debendo pronunciarse expresamente sobre a promoci3n ou titulaci3n

ACTIVIDADES DE AVALIACI3N FINAL ORDINARIA: 3 final de cada un dos cursos da etapa o equipo avaliador decidir3 sobre a promoci3n ou titulaci3n de cada alumno 3 curso seguinte tendo en conta a s3a madurez acad3mica e as s3as posibilidades de recuperaci3n e de progreso nos cursos posteriores.

PROBA DE AVALIACI3N EXTRAORDINARIA: os alumnos poder3n realizar no mes de setembro unha proba extraordinaria das materias que non superaran trala avaliaci3n final ordinaria. O equipo avaliador de cada grupo de alumnos decidir3, trala realizaci3n destas probas extraordinarias, sobre a titulaci3n ou promoci3n dos alumnos que as realizaran.

Cando un alumno **non** se presente 3 proba extraordinaria dunha materia, farase constar tal circunstancia como non presentado (NP) nos documentos de avaliaci3n, debendo considerarse a cualificaci3n outorgada na sesi3n final de avaliaci3n ordinaria para os efectos que corresponda.

EXPRESIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Expresaranse nos termos:	Ben: B.....6
Insuficiente: In.... 0,1,2,3,4	Notable: Nt.....7 ou 8
Suficiente: Sf.....5	Sobresaliente: Sb.....9 ou 10

PROMOCIÓN: trala sesión ordinaria só se poderá adoptar a decisión de promoción do alumnado que teña avaliación positiva en todas as áreas.

Trala celebración da sesión final extraordinaria de avaliación pódense dar tres situacións:

- Que o alumno de 1º, 2º ou 3º supere todas as materias: Nese caso procede a súa promoción.
- Que o alumno de 1º, 2º ou 3º curso teña unha ou dúas materias non superadas. Neste caso promocionará ó curso seguinte con esas materias pendentes de superación.
- Que o número de materias non superadas sexa superior a dúas: o alumno deberá permanecer outro ano no mesmo curso repetíndoo na súa totalidade. Non obstante, cada curso poderá repetirse unha soa vez.

Se un alumno repetidor de 1º, 2º ou 3º, despois da avaliación extraordinaria, non cumpre os requisitos para promocionar ó seguinte, o equipo de avaliación deberá propor, en función das necesidades do alumno, unha opción de entre as que figuran no anexo II da Orde do 30 de setembro de 2004. Se o alumno que se atopa nesta circunatancia ten 16 ou 17 anos poderá continuar escolarizado ata cumprir os 18, sempre que o equipo de avaliación considere que o alumno pode acadar o título de Graduado en ESO, de acordo coas actitudes, intereses e posibilidades de promoción e titulación.

Cando a decisión sexa de non permanencia no réxime ordinario deberanse establecer as seguintes garantías:

- Elaboración dun informe por parte do titor no que se recollan os elementos obxectivos nos que se sustenta tal decisión
- Audiencia ós pais ou titores legais por parte do titor
- Aprobación dese informe polo equipo de avaliación tralo asesoramento do Departamento de Orientación
- Inclusión do devandito informe no Expediente Académico do alumno.
- Remisión duna copia do mesmo á Inspección Educativa.
- Rexistro da decisión tomada de non permanencia no apartado de observacións tanto nas actas de avaliación como no expediente académico do alumno.

RECUPERACIÓN DE PENDENTES: a normativa prevé tres procedementos que non son mutuamente excluíntes, ademais daqueles que, de xeito particular, poidan establecer os diferentes departamentos didácticos de cada centro educativo:

- Clases específicas de recuperación, levaranse a cabo fóra de horario lectivo do alumnado, serán de carácter voluntario e serán de unha sesión semanal. Non necesariamente teñen que ser presenciais, podendo realizarse a través de traballos ou outras fórmulas.
- Avaliación continua en materias de contidos progresivos. Neste caso, a cualificación positiva dunha materia implicará a superación das materias pendentes de cursos anteriores, non necesariamente consecutivos. Enténdese que a superación dunha materia prodúcese cando se supera na súa totalidade e non parcialmente.

O responsable desta avaliación continua é o profesor que imparte esa materia no curso no que está matriculado o alumno na actualidade.

- Probas finais: o alumno terá dereito a realizar dúas probas de avaliación de cada materia que teña pendente: unha final ordinaria no mes de maio-xuño e outra final extraordinaria no mes de setembro. Ámbalas dúas serán realizadas antes das correspondentes sesións de avaliación final do curso no que estea matriculado o alumno. A elaboración das probas ordinarias e extraordinarias de recuperación de pendentes corresponden ós Xefes dos Departamentos didácticos responsables de impartir as materias correspondentes.
- As sesións de avaliación destas probas finais de recuperación de pendentes serán presididas polo Xefe de Estudos e deberán asistir os Xefes dos Departamentos didácticos implicados.

TITULACIÓN: trala sesión de avaliación ordinaria só se poderá adoptar a decisión de titulación do alumnado que teña avaliación positiva en todas as áreas.

Trala celebración da sesión final extraordinaria de avaliación, pódese obter o título de Graduado en ESO se se dan algunhas das seguintes circunstancias:

- Que o alumno, rematado o cuarto curso, teña superadas todas as materias cursadas durante os catro cursos da ESO.
- Que o alumno teña unha ou dúas materias de calquera dos cursos da ESO non aprobadas, sempre que nonsexan simultaneamente Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

A obtención do título nesta circunstancia é unha decisión excepcional que depende do equipo avaliador que deberá ter en conta a madurez académica do alumnado en relación cos obxetivos da etapa e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.

Para clarificar estas posibilidades inclu3mos os seguintes exemplos de alumnos de cuarto curso:

- Alumno con Matemáticas e Lingua Galega de 4º sen superar: non pode ser proposto para título.
- Alumno con Matemáticas e Lingua Castelá de 4º sen superar: non pode ser proposto para título.
- Alumno con Lingua Galega e Lingua Castelá de 4º sen superar: non pode ser proposto para título.
- Alumno con Matemáticas de 2º, 3º e 4º sen superar: non pode ser proposto para título.
- Alumno con Ed. Física de 4º, Tecnoloxía de 3º e Relixi3n de 4º sen superar: non pode ser proposto para título.
- Alumno con Matemáticas de 3º e 4º sen superar: pode ser proposto para título.

o **OS PROGRAMAS DE DIVERSIFICACI3N CURRICULAR:**

AVALIACI3N: o referente para avaliar as aprendizaxes dos alumnos serán os obxectivos xerais da etapa e os criterios de avaliación establecidos para cada un dos ámbitos e cada unha das áreas ou materias que curse cada alumno, coas adaptacións curriculares que, de ser o caso, lles correspondan.

Aparte da avaliación final ordinaria o alumnado dun PDC poderá presentarse ás probas de avaliación extraordinaria que se realizarán no mes de setembro, igual có resto do alumnado da ESO.

PROMOCI3N: o alumnado de 1º curso dun PDC de 2 anos deberá promocionar ó segundo curso, despois da celebraci3n da avaliación extraordinaria, independentemente do número de ámbitos e materias que teña suspensas.

RECUPERACI3N DE PENDENTES:

O alumnado de PDC dun ano de duraci3n deberá recuperar:

As materias pendentes de 1º da ESO

As materias pendentes de 2º da ESO

As materias pendentes de 3º da ESO

O alumnado de PDC de dous anos deberá recuperar.

As materias pendentes de 1º da ESO

As materias pendentes de 2º da ESO

Ademais, o alumnado do 2º ano dun PDC deberá recuperar as materias e/ou ámbitos pendentes do 1º ano do PDC.

TITULACIÓN: trala sesión de avaliación ordinaria só se poderá adoptar a decisión de titulación do alumnado que teña avaliación positiva en todas as áreas materias e/ou ámbitos.

Trala celebración da sesión final extraordinaria de avaliación, o alumnado dun PDC pode obter o título de Graduado en ESO se se dan algunhas das seguintes circunstancias:

-Que rematado o PDC, teña todas as áreas, materias e / ou ámbitos superados.

-Que o alumno teña unha ou dúas áreas, materias e /ou ámbitos de calquera dos cursos da ESO e / ou dos anos dun PDC non aprobados, sempre que non sexan simultaneamente o Ámbito Lingüístico e o Ámbito Científico. A obtención do título nesta circunstancia é unha decisión excepcional que depende do equipo avaliador que deberá ter en conta a madurez académica do alumnado en relación cos obxectivos da etapa e as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.

Os criterios xerais para a posible proposta de titulación nesta circunstancia deberán ser establecidos polos centros no seu proxecto curricular, xunto cos fixados para o alumnado dos cursos ordinarios e citados anteriormente.

6.4. BACHARELATO.

6.4.1. DEFINICIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CAPACIDADES XERAIS

Tendo en conta que esta fase da educación é postobrigatoria e ten como finalidade non só a educación xeral do alumnado, senón tamén a súa orientación e preparación para estudos superiores, tanto universitarios como de formación profesional de grao superior, a avaliación das ensinanzas no Bacharelato realízanse dun xeito ben diferente á da E.S.O.

A avaliación faise por materias e atendendo a conseguir, en cada unha delas, os obxectivos específicos. Non obstante, hai que ter en conta que non se poden obviar unha serie de capacidades básicas que todo bacharel debe ter adquirido ó final dos estudos:

1. Capacidades conceptuais: entendemos que todo alumno, 3 parte de adquirir uns coñecementos m3nimos de tipo conceptual, debe manexar unhas capacidades que son a base para acadalos:
 - 1.1.1. Analizar, na dobre vertente de saber identificar e de entender a significaci3n dos conceptos aprendidos.
 - 1.1.2. Relacionar, na tripla dimensi3n de saber formular interrogantes, de usar a informaci3n e de utilizar a reflexi3n.
2. Capacidades procedementais: entendendo por estas as que nos permiten utilizar uns procedementos propios das materias curriculares e necesarios para acadar unha formaci3n m3nima neste nivel:
 - 2.1.1. Integrar, no triplo sentido de dominio de vocabulario, tanto espec3fico como ordinario, de claridade de formulaci3n das cuesti3n, e de precisi3n nas relaci3ns entre conceptos.
 - 2.1.2. Argumentar, mantendo a capacidade de formular o argumento e desenvolvelo, mantendo unha coherencia m3nima.
3. Capacidades actitudinais: consistentes en acadar uns m3nimos de actitudes cara a cada materia, 3 ensino e 3 vida en xeral:
 - 3.1.1. Ter autonom3a na reflexi3n, 3 dicir, seren capaces de desenvolver por si mesmos razoamentos, e chegaren a obter ideas propias partindo dunha an3lise cr3tica.
 - 3.1.2. Ter capacidade de di3logo, escoitando os demais e atendendo 3s raz3ns do outro.
 - 3.1.3. Ser capaz de mostrar tolerancia e respecto ante os demais e as s3as ideas.

6.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACI3N, PROMOCI3N E TITULACI3N:

Xunto coas capacidades xerais, cada profesor avaliar3 tam3n os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais propios de cada materia, facendo unha ponderaci3n de todos os aspectos sinalados. Esta avaliacion faise de maneira individual e a cualificaci3n resultante expresarase de forma num3rica dende o 1 3 10. As sesi3n de avaliacion e cualificaci3n ser3n tres 3 longo do curso e nelas reflectiranse, nos diferentes documentos, as notas dos alumnos. A cualificaci3n que conste en cada unha das avaliacion reflexar3 o estado actual da aprendizaxe, tendo en conta os principios da avaliacion continua. As3 mesmo haber3 unha avaliacion

Criterios Xerais para Avaliación e Promoción extraordinaria no mes de setembro na que se cualifica ó alumno en base a un exame xeral cuxos principios deben constar na Programación da materia.

Para pasar de 1º ó 2º curso de Bacharelato é necesario que os alumnos sexan avaliados positivamente en todas as materias cursada. Non obstante, poderán promocionar ó 2º curso os alumnos que non superasen dúas asignaturas. Os alumnos que pasen ó 2º curso nestas circunstancias deberán recibir clases de reforzo nas materias non superadas, seguindo o mandato da L.O.X.S.E. que obriga a cursalas. Así mesmo, deberán superalas antes de obter o título de Bacharelato. Os alumnos e alumnas que non promocionen ó segundo curso deberán repetir o curso completo.

Os alumnos e alumnas que ó rematar o segundo curso foran avaliados negativamente en máis de tres materias, contando entre elas as de 1º se as houberse, deberán repetir o curso completo e superar as materias de primeiro. Os alumnos con menos de tres asignaturas pendentes de ámbolos dous cursos, terán que repetir únicamente estas materias, aínda que poderán matricularse de novo de todas para intentar subir nota, sempre que a Dirección o estime oportuno. Para efectos desta disposición, considéranse unha soa materia aquela que se curse coa mesma denominación nos dous anos do Bacharelato.

A permanencia no Bacharelato en réxime escolarizado será de catro anos como máximo.

7. A ACCIÓN TITORIAL. INTRODUCCIÓN.

A acción titorial nun centro educativo consiste en adoptar unha serie de principios e criterios pedagóxicos, de estruturas organizativas e de decisións prácticas que contemplan que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado ha de incluír dúas grandes vertentes integradas: a vertente formativa e a vertente instrutiva.

O plan de acción titorial que pretendemos desenvolver, concretará os axentes responsables da acción titorial; determinará os momentos nos que se aplica, en relación ás finalidades prioritarias en cada período; especificará as actividades que se han de desenvolver en cada momento por cada axente, xunto cos materiais necesarios; e determinará os recursos persoais e materiais precisos para a aplicación deste plan. Agora ben para unha adecuada posta en práctica o plan de acción titorial que pasaremos a desenvolver, é imprescindible que os titores dispoñan de tres horas de titoría, unha de carácter presencial considerada lectiva e as outras dúas complementarias.

A acción titorial, no marco educativo, ten como finalidade favorecer unha maior e mellor aprendizaxe no contorno do centro educativo, superando a concepción de titoría de tipo asistencial, que tería como función acoller o alumno ou alumna no seu aspecto persoal, axudándolle a soportar os conflitos , e a “atoparse” ben no centro. Para conseguir esta finalidade parécenos necesario que o Plan de acción Titorial traballe sobre os seguintes aspectos específicos:

- A) Desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado.
- B) Ofrecerlle ós alumnos/as orientación co fin de facilitar o seu crecemento persoal e unha personalidade madura.
- C) Orientar e asesorar sobre posibilidades académicas e profesionais.
- D) Promover a dinamización do grupo/clase.
- E) Fomentar a relación entre as familias e o Centro educativo, como elemento indispensable do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Pero para desenvolver un modelo de Acción titorial é necesario, previamente, establecer uns criterios que a inspiren . Pensamos que estes criterios han de buscar o consenso do profesorado e integrarse dentro do Proxecto Educativo do centro. Entendemos que o Plan de Acción titorial debe buscar a autonomía do alumno, de tal maneira que o Plan sexa unha acción de apoio e de facilitación da aprendizaxe a todo o alumnado atendendo á súa diversidade.

7.1.- OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL

A finalidade que atribuímos á acción titorial, pode concretarse nos seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<input type="checkbox"/> Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos e as alumnas	<input type="checkbox"/> Facilitar a integración de cada alumno no grupo e no centro. <input type="checkbox"/> Favorecer os procesos de maduración vocacional e de orientación educativa e profesional. <input type="checkbox"/> Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes participativas tanto no Centro como no seu contorno.
<input type="checkbox"/> Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe	<input type="checkbox"/> Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos para detectar as dificultades e as necesidades especiais, co obxecto de artellar as respostas educativas adecuadas e recabar os apoios necesarios. <input type="checkbox"/> Desenvolver recursos de personalización do ensino. <input type="checkbox"/> Facilitar a toma de decisión sobre a traxectoria académica e o futuro profesional dos alumnos
<input type="checkbox"/> Coordinar a atención educativa do equipo docente do seu grupo	<input type="checkbox"/> Coordinar o axuste das programacións ó grupo de alumnos, especialmente no tocante ás dificultades de aprendizaxe, ás necesidades educativas especiais e ás actividades de apoio. <input type="checkbox"/> Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos e as decisións de promoción. <input type="checkbox"/> Participar na elaboración das liñas comúns de acción titorial no centro.
<input type="checkbox"/> Orientar os pais e as nais no seu labor educativo	<input type="checkbox"/> Contribuír ó establecemento de relacións fluídas entre as familias e o Centro. <input type="checkbox"/> Orientación ós pais en materia de educación dos seus fillos. <input type="checkbox"/> Implicar os pais nas tarefas de orientación e aprendizaxe dos seus fillos

7.2.- AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL

Considéranse axentes da acción titorial aquelas persoas ou equipos que son responsables da elaboración ou posta en práctica do Plan de Acción Titorial do centro. Estes axentes son: o titor ou titora de grupo, o equipo de profesores e profesoras que interveñen nun mesmo grupo, as familias, e outras institucións de carácter formativo ou educativo relacionadas coa escola.

7.2.1. O TITOR OU TITORA

É o encargado de desenvolver determinadas funcións específicas a nivel formativo e instrutivo. A súa principal función é a de mediador: é o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e o primeiro interlocutor das familias, no que se refire ó proceso de aprendizaxe dos seus fillos/-as.

o FUNCIONES

No Artigo 59 do Decreto 324/1996 do 26 de xullo recóllense ás súas funcións, que poderíamos resumir nas seguintes:

1.- Mediador Centro-familia: de tal xeito que os aspectos básicos relativos ás cuestións xerais do Centro (aplicación do P.E.C. , funcionamento dos equipos educativos, organización das actividades do centro, distribución e agrupamento do alumnado, actividades de apoio previstas, desenvolvemento de actividades extraescolares, etc.) cheguen ás familias a través dos contactos ordinarios ou extraordinarios. De forma inversa, as familias que queren coñecer o centro, recibir información acerca da súa organización ou funcionamento, formular dúbidas ou facer propostas de colaboración, teñen no titor do seu fillo/-a o seu máis directo interlocutor.

2.- Mediador Centro-Alumno: os criterios que foron adoptados polo centro respecto a aspectos de socialización e relación (normativa, participación en actividades, formas de comunicación interna) a aspectos de distribución e uso dos espazos, e a cuestión de organización xeral, chegan ó alumno a través do titor. Así mesmo este é o punto de referencia máis directo do alumnado para coñecer o centro e informarse das súas características.

3.-Mediador Profesorado-Familia: a vía ordinaria para que cheguen á familia as diversas informacións respecto do avance individual e do grupo é o titor. Á inversa, as familias que teñen observacións respecto do proceso de aprendizaxe seguido polo seu fillo teñen no titor un vínculo para ser escoitados e valorados polo resto do equipo educativo.

4.- Mediador entre equipos especiais e equipos docentes ou directivos: facilitará encontros nos que se aborden, xeralmente, cuestións concretas: familias que se queren entrevistar con equipos educativos para considerar a colaboración en proxectos concretos, etc.

5.- Mediador Alumno-Alumno ou Alumno-Profesor. Aínda que a mellor comunicación nestes casos é a directa, poden xurdir casos especialmente conflictivos ou extraordinarios nos que se requira a mediación dun terceiro, que debe ser o titor do alumno interesado.

Tamén é importante subliñar que o titor ten outras funcións que podemos considerar compartidas con outros membros da comunidade educativa:

1.- Función de acollida e orientadora: case sempre é unha función mediadora máis, debido á proximidade do titor, o que facilita a comunicación; malia todo é conveniente recordar que estas funcións non teñen que ser necesariamente desenvolvidas integramente polo titor.

2.-Función formativa: concrétase en facilitar o progreso persoal e académico do alumno. O desenvolvemento desta función pode realizarse en contornos estruturados, pero adoitan ser abundantes as situacións semiestruturadas ou non estruturadas nas que esta función se dea.

3.- Función Instrutiva: concrétase en aportar información sobre diversos campos que concirnen á orientación académica e profesional, e ós aspectos máis transversais dos estudos actuais.

○ RESPONSABILIDADES

As súas responsabilidades vanse desenvolver respecto de dous núcleos básicos:

- a) Cada alumno/a
- b) As familias destes alumnos

Tamén poderíamos engadir:

- c) O equipo educativo do alumno
- d) Equipos externos que interveñan en actuacións concretas.

Concretando, o titor será responsable de:

- Realizar unha sesión semanal de tutoría co grupo na ESO
- Representar o seu grupo perante o equipo educativo, expresando as demandas, inquietudes, conflitos etc. xurdidos na sesión de tutoría.
- Xestionar a información dispoñible sobre o alumnado do seu grupo, respecto do equipo de profesores e ter ó día os rexistros de tutoría.
- Presidir e coordinar as xuntas de avaliación
- Facilitar a cooperación entre o profesorado e as familias do alumnado.
- Informar sobre actividades docentes e rendementos académicos á familia e alumnos.
- Establecer os contactos que se consideren oportunos con especialistas externos, ou outros servizos profesionais.

7.2.2. PROFESORES

Son fundamentais no noso caso, cando falamos de grupos que teñen máis de dous profesores, xa que realmente a acción titorial é fundamentalmente colectiva. O titor é o coordinador, e será un membro destacado da acción titorial, pero tanto as liñas de actuación respecto de cada alumno, como as que se refiren ó grupo, é importante que sexan discutidas e asumidas por todo o equipo educativo. A estrutura dun equipo educativo é a mesma que a da Xunta de avaliación, sen embargo as súas funcións son diferentes, xa que esta certifica e orienta ó final dun proceso, mentres que o equipo educativo actúa durante o proceso, acollendo e orientando ou reorientando ó alumnado, regulando ou adaptando a programación da aula e revisando a actuación xeral do propio equipo. Deste xeito o profesorado sitúase na súa vertente máis formativa, desenvolvendo á súa vez a totalidade do labor instructivo.

Tamén é importante subliñar o labor que realizan os profesores na integración do novo profesorado na dinámica do grupo e, por extensión, do centro.

○ **RESPONSABILIDADES**

Para desenvolver as funcións principais o profesorado conta con dous grandes contornos pedagóxicos: a programación e a avaliación. A potencialidade do traballo en equipo para axudar e mellorar a aprendizaxe reside na coordinación destas accións. Se se toman como premisas as funcións sinaladas, pódese elaborar unha proposta marco que incluíría as seguintes responsabilidades:

Realizar o diagnóstico, seguimento, avaliación e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción titorial.

Realizar un diagnóstico inicial dalgunhas capacidades e aptitudes básicas, como son: a comprensión oral e escrita, o razoamento, a motivación, estilo de aprendizaxe, participación, etc.

Coordinar os contidos comúns e optativos, as metodoloxías e estratexias de aula, e a avaliación para o seu grupo de alumnos.

Organizar de forma coordinada a aprendizaxe dos recursos instrumentais para o estudo.

Desenvolver unha actividade coordinada destinada a dotar o alumno de estratexias que permitan o traspaso das aprendizaxes.

Facer un seguimento compartido do alumnado para diagnosticar os erros, déficits, éxitos e atopar fórmulas para incidir sobre eles.

Establecer criterios sobre as necesidades educativas que han de ser obxecto dunha atención específica, e definir as características que habería de ter. Definir o perfil do alumno que se orienta a este tipo de actividades e facer o seguimento e avaliación destas actividades.

Tamén, e desde unha perspectiva individual, cada profesor ten unhas responsabilidades:

Contribuír á dinamización do grupo desde a práctica cotiá.

Incorporar á aula aspectos que contribúan ó autocoñecemento e a autoestima do alumnado, a exercer a autonomía e a orientar profesional e academicamente ó alumnado.

Efectuar as adaptacións que se consideren necesarias na programación de aula.

Coordinar as metodoloxías usadas por cada profesor na aula, reflexionando sobre as características comúns e buscando as máis proveitosas para a aprendizaxe dos alumnos.

Dar e solicitar información relevante respecto ó contexto de cada alumno, para contribuír ó coñecemento, seguimento e avaliación dos alumnos.

Tomar nota dos acordos ós que chegue o equipo educativo e transmitirlos ó departamento didáctico correspondente ou equipo de área (se o houbese).

7.2..3. FAMILIAS

A familia, ou as persoas responsables de cada alumno, son asemade axentes e receptores da acción titorial. Deste xeito no P.A.T. débese prever, por un lado, as actuacións necesarias para informar e orientar as familias, e, por outro, as formas nas que desde o ámbito familiar se poida contribuír a acadar os obxectivos previstos na acción titorial

Para conseguir unha acción o máis coordinada e coherente posible, deberanse fomentar desde o centro actividades encamiñadas a mellorar as relacións de comunicación entre pais, fillos e comunidade escolar. Para iso potenciaranse desde o centro:

A información ás familias sobre o P.E.C. e o Plan de Acción Titorial do Centro.

Coñecemento por parte dos pais e nais do planeamento e evolución do curso.

A información sobre o momento evolutivo do seu fillo, as posibilidades de progreso e as formas de intervir para afrontar os problemas que poidan derivarse do cambio.

- O contacto regular coas familias co fin de intercambiar información e de trazar estratexias de actuación conxunta para mellorar o proceso evolutivo de cada alumno.
- Informar a familia sobre a orientación académica e profesional que o equipo educativo propón para o seu fillo, e sexa considerada a súa opinión.

Aínda que sabemos que é evidente a importancia do contorno familiar no proceso educativo, non podemos atribuír ás familias un papel predominante na acción titorial, xa que as diferenzas de intensidade e calidade na súa participación no PAT van ser ben diferentes nuns e noutros casos.

7.2..4. OUTRAS INSTITUCIÓN

Pola complexidade da acción titorial e pola diversidade de factores que poden aparecer nela, será preciso valorar a posibilidade de colaboración doutros profesionais, que normalmente serán os máis relacionados cos centros: equipos de orientación educativa, centros de recursos, Consellería de familia, etc. É importante que o labor de apoio sexa solicitado polo centro e non ó revés, que non se propoñan actuacións que respondan a programacións externas, estandarizadas e descontextualizadas.

8. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.

Son moitas as variables que van confluír á hora de levar a cabo o Plan de acción tutorial: características do titor ou titora e do grupo-clase, diferenciación de niveis, posibilidade de dispoñer de recursos, etc. Por isto, o desenvolvemento das actividades que propoñemos neste Plan de acción tutorial, é meramente orientativo e intenta servir a cada titor/a de marco de referencia para plantexar estas ou outras actividades que respondan de modo coherente ós obxectivos propostos neste documento.

As actividaes preséntanse en bloques que a grandes rasgos definen cal é o obxectivo das mesmas: “Acollida e integración no Centro”, “orientación académico-vocacional”, “avaliación”, etc.

O presente programa de acción tutorial vai dirixido a todos os niveis, pero a súa incidencia, posta en marcha, contidos e temporalización será diferente en cada un deles. Así, en toda a etapa de Secundaria as actividades levaranse a cabo dun xeito estruturado durante todo o curso. Nos cursos terminais, a acción tutorial irá fundamentalmente encamiñada á orientación vocacional e profesional, presentándose as actividades de maneira mais intensiva a partir do segundo trimestre.

8.1. ACTIVIDADES CO ALUMNADO

BLOQUE	NIVEIS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	SECUENCIACIÓN
Acollida e integración	Todos os niveis con alumnado de novo ingreso no Centro	<input type="checkbox"/> Facilitar un primeiro contacto dos alumnos e alumnas co centro. <input type="checkbox"/> Dar a coñecer ó alumnado de novo ingreso a organización, características xerais e estrutura do Instituto.	<input type="checkbox"/> Recepción dos alumnos no centro polo Director e/o Xefe de Estudos xunto cos titores. <input type="checkbox"/> Breve explicación das características, estrutura e organización do centro		PRIMEIRO DIA

<p>Normas, obxectivos, organización e funcionamento do Centro.</p>	<p>Todos os niveis.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Establecer un contacto máis directo con cada titor/a, quen facilitará o nome dos restantes profesores do grupo, así como o horario de clase. <input type="checkbox"/> Facilitar ós alumnos o coñecemento dos seus dereitos e deberes. <input type="checkbox"/> Que os alumnos coñezan as normas de actuación en caso de emerxencia. <input type="checkbox"/> Que o alumnado coñeza as funcións do delegado e colabore en realizar a súa concreción para o grupo. <input type="checkbox"/> Favorecer a presentación de varias candidaturas. <input type="checkbox"/> Que os posibles candidatos tomen conciencia da responsabilidade que adquiren ó presentarse. <input type="checkbox"/> Que os alumnos coñezan os acordos tomados polo centro respecto á promoción. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Presentación do titor. Entrega de horarios. <input type="checkbox"/> Lectura comentada do regulamento de réxime interior. <input type="checkbox"/> Lectura comentada do plan de Autoprotección escolar <input type="checkbox"/> Elección do delegado/a <input type="checkbox"/> Sesión informativa do titor sobre os criterios de promoción establecidos no Proxecto Curricular 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Horarios elaborados pola xefatura de estudos. <input type="checkbox"/> Regulamento de réxime interior. 	<p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p>
--	-------------------------	---	--	--	---------------------------

<p>Coñecer o ambiente socio-familiar</p>	<p>Todos os niveis</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Coñecer o ambiente socio-familiar dos alumnos e alumnas. <input type="checkbox"/> Coñecer individualmente os alumnos e as súas circunstancias . 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Encher fichas de titoría <input type="checkbox"/> Entrevistas persoais 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Fichas de titoría, cuestionarios de exploración inicial e modelos de entrevista. 	
--	------------------------	---	--	---	--

BLOQUE	NIVEIS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	SECUENCIACIÓN
<p>Crear actitudes participativas</p>	<p>Todos os niveis</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Que os alumnos coñezan as propostas de obxectivos e de programación de actividades para o resto do curso. <input type="checkbox"/> Que expoñan os seus plantexamentos e suxerencias en orde a posibles modificacións. <input type="checkbox"/> Que asuman como grupo algúns compromisos, por mínimos que sexan, sobre normas de funcionamento, convivencia, “regulamento de clase”.... 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Os obxectivos da titoría. <input type="checkbox"/> Regulamento de réxime interior 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Técnicas de grupo 	<p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p>

<p>Proceso de avaliación</p>		<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Provocar a reflexión do grupo sobre o seu rendemento neste primeira avaliación. <input type="checkbox"/> Preparar o informe para a sesión de avaliación. <input type="checkbox"/> Obter datos que poidan servir de punto de referencia para avaliacións posteriores, nas que terán que valorarse os cambios con respecto a esta posición de partida. <input type="checkbox"/> Dar conta ós alumnos do desenvolvemento da sesión de avaliación. <input type="checkbox"/> Asumir compromisos para a avaliación seguinte. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Sesión de preparación da avaliación. <input type="checkbox"/> Sesión de post-avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Técnicas de grupo. <input type="checkbox"/> Cuestionarios <input type="checkbox"/> Debate no grupo despois da exposición do delegado/a 	
<p>Avaliación da titoría</p>		<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Facer unha valoración da acción tutorial no primeiro trimestre. <input type="checkbox"/> Propostas para mellora e/ou cambios 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Avaliación da titoría 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Cuestionario de avaliación da titoría elaborado polo equipo de titores coordinado polo X.E. e Dep. Orientación. 	

<p>Como mellorar no estudo</p>	<p>ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Dar a coñecer ós alumnos algunhas das condicións físicas, ambientais, e psicolóxicas que máis inflúen no estudo. <input type="checkbox"/> Ensinar a confeccionar planos de traballo e intentar que o alumnado se familiarice con eles e os leve a cabo. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Realización e comentario de cuestionarios sobre o tema <input type="checkbox"/> Planificación do estudo 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Material elaborado polo Departamento de Orientación. <input type="checkbox"/> Material elaborado polo Departamento de Orientación 	<p>SEGUNDO TRIMESTRE</p>
--------------------------------	------------	---	---	---	--------------------------

<p>Crear actitudes de responsabilidade de grupo</p>	<p>Todos os niveis</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Que os alumnos coñezan e practiquen procedementos para obter opinións e suxerencias do grupo. <input type="checkbox"/> Que coñezan os distintos procedementos para tomar decisións en grupo e comprendan as vantaxes da decisión por consenso. <input type="checkbox"/> A través de experiencias estruturadas intentarase que os alumnos establezan e asuman a responsabilidade de grupo 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Planificación dos exames da avaliación. <input type="checkbox"/> Organización da aula, coidado do material común e específico. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Material elaborado polo Departamento de Orientación
---	------------------------	---	--	--

<p>Como organizar o tempo libre</p>	<p>ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Darse conta persoalmente do uso adecuado ou inadecuado do emprego do tempo libre. <input type="checkbox"/> Descubrir as posibilidades persoais e preferencias que merecen ser cultivadas e potenciadas en cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Discusións en grupo e postas en común 		
-------------------------------------	------------	--	--	--	--

BLOQUE	NIVEIS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	SECUENCIACIÓN
Orientación académico-vocacional	ESO	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Que os alumnos coñezan os acordos tomados polo centro respecto á promoción. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Sesión informativa do titor sobre os criterios de promoción establecidos no Proxecto Curricular 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Proxecto Curricular 	TERCEIRO TRIMESTRE
	2º ESO 3º ESO 4º ESO 1º BAC	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Informar sobre optativas e itinerarios educativos. <input type="checkbox"/> Concienciar ós alumnos para que a elección de optativas se base no seu interese e necesidade para futuros estudos e non na maior ou menor facilidade de aprobar. <input type="checkbox"/> Axudar individualmente ós alumnos e alumnas na decisión final sobre opcións máis convenientes cara ó curso seguinte. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Breve resumo sobre os contidos das diferentes optativas. <input type="checkbox"/> Sesións informativas sobre a oferta educativa do centro, a cargo do Titor o de profesores dos diferentes Departamentos. <input type="checkbox"/> Elaboración dun itinerario educativo. <input type="checkbox"/> Entrevistas individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Material elaborado polos distintos Departamentos <input type="checkbox"/> Proxecto Curricular 	

	<p>2º BAC CICLOS FORMATIVOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Orientar os alumnos sobre unha elección reflexiva do itinerario educativo. <input type="checkbox"/> Informar sobre as tendencias de emprego, profesiones, estudos e carreiras universitarias. <input type="checkbox"/> Dar a coñecer os perfís profesionais e contrastalos cos propios intereses. <input type="checkbox"/> Orientar sobre a continuación de estudos. <input type="checkbox"/> Orientar sobre técnicas de búsqueda de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Discusión sobre os itinerarios educativos. <input type="checkbox"/> Sesións informativas a cargo de distintos profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Proxecto Curricular <input type="checkbox"/> Material elaborado polo Departamento de Orientación 	
--	---	--	---	--	--

BLOQUE	NIVEIS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RECURSOS	SECUENCIACIÓN
Avaliación do grupo	Todos os niveis	<input type="checkbox"/> Coñecer e avaliar o desenvolvemento da titoría ó longo do curso. <input type="checkbox"/> Revisar os acertos e desacertos do funcionamento da titoría no que respecta á temática tratada, ós problemas solucionados, así como ás actitudes do titor e dos titorados. <input type="checkbox"/> Estudar o rendemento académico global dos alumnos. <input type="checkbox"/> Establecer un plan de traballo e recuperación para aqueles alumnos de baixo rendemento. <input type="checkbox"/> Estudar en profundidade os casos de alumnos que fracasaron de forma significativa coa finalidade de elaborar un consello orientador que axude na solución deste problema.	<input type="checkbox"/> Cumprimetación de cuestionarios <input type="checkbox"/> Avaliación final	<input type="checkbox"/> Material elaborado polo Departamento de Orientación	TERCEIRO TRIMESTRE

8.2. ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

8.2.1 OBXECTIVOS

- Informar as familias sobre a organización do Centro e os seus cauces de participación.
- Implicar as familias no proceso educativo dos seus fillos.
- Adoptar solucións individuais para cada problema educativo.
- Manter informados os pais sobre a marcha do proceso educativo dos seus fillos.
- Informalos sobre a avaliación, os criterios de promoción e a súa xustificación.
- Informar os pais sobre os posibles itinerarios educativos que poden cursar os alumnos.
- Analizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe levado a cabo durante o curso.

8.2.2 ACTIVIDADES

- Na medida do posible realizarase un calendario a principio de curso no que figuraran as datas de reunións informativas cos pais, este calendario reaxustarase cada ano escolar.
- Reunión inicial para ter unha primeira toma de contacto e informalos sobre: organización do Centro, Plan de Acción Titorial,.....
- Entrevistas individuais cos pais cando eles o soliciten ou o titor as considere necesarias.
- Reunión colectiva na que se informará sobre a oferta educativa do Centro e as diversas s aídas.
- Entrevistas individuais para comentar as decisións do equipo educativo respecto ó seu fillo/a e comunicarlles as orientacións que se estimen máis oportunas.

8.3. ACTIVIDADES DO PROFESORADO

8.3.1 OBXECTIVOS

- Tomar decisións conxuntas sobre a avaliación inicial dos alumnos.
- Poñer en coñecemento do equipo de profesores toda a información que sobre o alumno teña o titor e coordinar o proceso avaliador que leven a cabo os profesores do grupo.
- Coordinar o axuste das programacións de aula e comprobar o avance realizado na aprendizaxe dos alumnos.
- Detección e seguimento de dificultades e necesidades dos alumnos nas diferentes áreas.
- Unificar criterios sobre a avaliación dos alumnos.
- Analizar os resultados de cada avaliación.
- Promover a revisión constante dos criterios de avaliación.
- Colaborar co titor na orientación dos alumnos.
- Elaborar os informes de avaliación individualizados e comentar as orientacións que se lle darán ó alumno ó final do curso.

8.3.2 ACTIVIDADES

- Reunión do equipo educativo para unificar criterios desde o principio do curso.
- Preparar en conxunto a avaliación inicial.
- Sesións de avaliación
- Reunión colectiva para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe e tomar decisións ó respecto.
- Reunión para adoptar as decisións sobre promoción, titulación e informes de avaliación.
- Reunión para tomar decisións conxuntas sobre a orientación académica dos alumno

9. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

9.1 - INTRODUCCIÓN

No equipo de Normalización Lingüística do noso IES sabemos que é a través do ensino onde se marcan as pautas do comportamento lingüístico da xente máis nova, aínda que a familia tamen ten unha grande influencia, máis a nivel de fala que de expresión escrita.

Neste centro hai un grupo de profesores/as que imparten a súa materia en galego, pero nós pensamos que é insuficiente. Non sabemos polo que o galego non é a lingua usada a cotío nas aulas, pero pode ser polo descoñecemento parcial do mesmo e/ou pola dificultade da expresión oral (menos arraigada que a expresión en lingua castelá).

Os cursiños de iniciación e perfeccionamento en lingua galega non “chegan” para un posterior uso efectivo do idioma, pois son mecanismos básicos de coñecemento pero non de espallamento e convicción.

Outro impedimento é a escasa publicación de material didáctico segundo en que materia, e o peor é a dificultade para adaptarse ós cambios tan a miúdo levados a cabo pola R.A.G.

Todo isto dificulta o proceso normalizador. Os alumnos non o toman en serio e “néganse” a entendelo.

Aclaracións:

É por iso, polo que imos loitar para que alumnos e profesores fagan mutuamente máis accesible a lingua.

Os profesores non galegos, deben acadar o vocabulario suficiente; iso solicitamos, para seguir os libros de texto escritos en galego, e que os alumnos esixen sexan respectados unha vez que se lles presentan nesa lingua.

Tamén é intención deste Equipo “agradecer” o interese dos profesores por impartir materias con pouco “material docente” en galego como é o caso da Bioloxía.

9.2.- CONSTITUCIÓN

O Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. Sanxillao de Lugo está constituído na actualidade por:

Catro profesores/as.

Un representante do persoal non docente.

Tres alumnos

9.3.- OBXECTIVOS XERAIS

1. Potenciar e fomentar o uso do galego en todos os niveis, axudando a profesores e a alumnos na participación activa de comprensión-expresión.
2. Trasladar o idioma á vida cotiá de todos os membros da comunidade educativa formando equipos de traballo para realizar tarefas concretas.
3. Facer un seguimento do acadado a nivel xeral.
 - a) E.S.O.
 - b) Bacharelato.
 - c) Ciclos Formativos.

9.4.- PLANO DE ACTUACIÓN

Para poder levar a cabo as actividades propostas, é necesario contar cun factor determinante: o económico. Esperamos que ese non sexa impedimento para a realización das mesmas.

- Seguimento do uso da lingua galega no centro.

- Seguimento do avance idiomático dos alumnos que se incorporan ó centro e máis aínda daqueles doutras autonomías ou países e incluso continentes.
- Concienciación da importancia da lingua materna no desenvolvemento persoal.
- Fomento do bilingüismo xa que os nenos/as en xeral son “castelán falantes”.
- Colaboración co servizo de Normalización Lingüística para promover o GALEGO en todos os que imparten as clases en galego.
- Promover a docencia en galego nos niveis e áreas do curriculum que excedan do obrigatorio, pois así contribuírase a facer do galego o vehículo normal de comunicación habitual e espontánea.

9.5.- ACTIVIDADES PARA ESTE CURSO

Pretendemos con iso dous obxectivos complementarios:

1. Contribuír ó cumprimento da Lei de Normalización Lingüística.
2. Promover o uso e a importancia que ten na sociedade actual a nosa lingua.

Hai que dicir que todo o relacionado coa administración do centro (boletíns, fichas, actas, etc.) están xa en galego desde 1992-93.

As actividades dirixidas ó profesorado son de apoio e información: cursiños, xornadas, obradoiros, etc.

As actividades dirixidas ó alumnado teñen que ver cos “acontecementos” citados no calendario escolar e coa propia autonomía con carácter diferenciador doutros lugares.

Preparación e elaboración de material necesario para as adaptacións curriculares que posibiliten a integración lingüística dos alumnos ós que se lles concede a exención en lingua galega.

9.6.- FESTAS E CONMEMORACIÓNS

- A festa do magosto. A riqueza da castaña. Receitas novas e vellas
- A paz e a xustiza. A igualdade da muller.
- O entroido en Galicia, tempo de festa e fartura. Disfraces. Antifaces.

- As letras galegas: adicada este ano a LUGRÍS FREIRE.
 - ¿Por que?
 - Tradición
 - Conferencia dalgún escritor galego, a poder ser autor dalgunha lectura imposta.
 - Concursos literarios: a) Cómicos.
 - b) Poesías.
 - c) Contos.
 - d) Narracións.
 - e) Lectura libre e/ou dirixida.

PARTICIPACIÓN EN :

Correlingua

Entre Nós

9. 7- CICLOS FORMATIVOS

Traducción do que se considere necesario.

Enquisas ou estado de:

Preferencias de lingua de alumnos, profesores e clientes á hora de cociñar, servir e pedir.

Observar e facer notar (se é posible) o cambio de lingua pola aparencia e/ou profesión.

9.8.- OUTROS TEMAS

- O refraneiro por meses ou estacións.
- Os oficios artesáns onte e hoxe. É certo que voltan con auxe.
- A flora e a fauna. Preocupámonos pola súa conservación.

- Búsqueda e coñecemento das herbas menciñeiras.
- Enquisas para coñecer o uso do galego na familia, no centro e na sociedade.
- Murais alusivos a temas tratados ou a conmemoracións propostas.
- Expresión plástica de tema libre.
- Asistencia a diferentes actos en lingua galega:
- Asistencia a cine ou teatro en galego, ambos deben ser organizados na cidade por calquera administración.
- Viaxe cultural tendo como fondo a situación cultural, lingüística e literaria.
- Adquisición de material: . bibliográfico
. videográfico
. fonográfico para a normalización.

A contía económica repartirase entre:

- Adquisición de distintos materiais segundo o tema que se trate. Este material non é exclusivo porque pode servir de apoio ás áreas que se imparten en galego e tamén como material de lecer.
- Organización de actividades como son: viaxes, cine, teatro, conferencias, prensa escolar, etc.
- Material funxible – pois os alumnos non sempre poden aportalo.
- Facer marcapáxinas e calendarios cun lema determinado, alusivo á importancia da nosa lingua.

O presuposto aproximado para levar a cabo estas actividades é de 1200 euros.

10.- COLABORACIÓN ENTRE SECTORES

A colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa: Equipo Directivo, Consello Escolar, Claustro, Xunta de Delegados, profesores, alumnos, persoal non docente e pais, considérase imprescindible para acadar os obxetivos e os fins educativos de centro.

En beneficio da formación do alumnado tamén se considera importante a colaboración con sectores alleos ó centro, tales como asociacións culturais e deportivas, organismos públicos e privados, empresas, etc.

Dende o Consello Escolar onde están representados Equipo Directivo, profesores, pais, alumnos e persoal non docente, programaranse, ó inicio de cada curso, as actividades oportunas (xuntanzas, actos culturais e deportivos, etc.) para fomentar esta colaboración.

O instituto mantén relación tamén cos colexios .

Algunhas empresas da zona, manteñen relación co Instituto pois acollen alumnos para realizar as prácticas en centros de traballo.

